



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DA LAT 220KV PE CAMPELO – SET MESÓN, NOS CONCELLOS DE CORISTANCO, TORDOIA, CARBALLO, CERCEDA, ORDES E CARRAL (A CORUÑA), PROMOVIDO POR GREENALIA WIND POWER CAMPELO, SLU (CLAVE: 2018/0089)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu artigo 7.1.a) que os proxectos comprendidos no seu anexo I someteranse a unha avaliación de impacto ambiental ordinaria.

Entre os proxectos que figuran no dito anexo I atópanse, no grupo 3.g Construción de liñas de transmisión de enerxía eléctrica cunha voltaxe igual ou superior a 220 kV e unha lonxitude superior a 15 km, salvo que discorran integramente en soterrado por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas.

Este sería o caso da actuación pretendida, dado que segundo o estudo de impacto ambiental a liña terá unha tensión nominal de 220 kV e unha lonxitude total duns 38,5 km.

Considerando o anterior, o proxecto someteuse ao trámite de avaliación de impacto ambiental ordinaria e, téndose practicado o referido procedemento, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co disposto no artigo 41 da dita Lei 21/2013.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade Greenalia Wind Power Campelo, SLU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo co estudo de impacto ambiental, o proxecto consiste na infraestrutura de evacuación dos futuros parques eólicos Campelo (promovido por Greenalia Wind Power Campelo, SLU), Bustelo (promovido por Greenalia Wind Power Bustelo, SLU) e Monte Toural (promovido por Greenalia Wind Power, SLU), obxecto dos seus respectivos proxectos que contan con declaración de impacto ambiental (DIA) de datas 29.12.2020, 06.11.2020 e 20.11.2020, respectivamente, e autorización administrativa previa e de construción da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais de datas 22.11.2021, 28.06.2021 e 30.07.2021, respectivamente.

Ademais, de acordo coa documentación, a instalación tamén serviría para a evacuación da enerxía xerada noutros parques eólicos que se proxectan na contorna sumando unha potencia total a evacuar duns 345,715 MW, o que permitirá evitar a construción de infraestruturas adicionais sobre o terreo.

Para o cal, proxéctase unha liña de alta tensión (LAT) a 220 kV duns 38.573 m de lonxitude total (tras a optimización da alternativa 3 seleccionada no estudo de impacto ambiental), que terá orixe na futura subestación do antedito PE Campelo e finalizará na SET Mesón do Vento, existente, propiedade de Red Eléctrica de España (REE).





A liña contará con catro tramos, dous aéreos, entre o pórtico da SE Campelo e o apoio PAS 103 de 35.334 m, e entre o apoio PAS 104 e o apoio PAS 107 de 809 m, e outros dous soterrados, o primeiro de 1.186 m entre o apoio PAS 103 e o apoio PAS 104, e o segundo de 1.244 m entre o apoio PAS 107 e a posición de interconexión da SET Mesón do Vento.

O tramo aéreo proxéctase en simple circuíto dúplex, con condutor LA-455, cable de garda/comunicacións OPGW 48-T1, e un condutor de fibra óptica autosoportado tipo CDS-1214 ao longo de todo o trazado coa excepción dos vanos situados entre os apoios 95-98 onde se instalará un segundo cable de garda tipo OPGW. Prevese a instalación dun total de 107 apoios de celosía de aceiro. A traza do tramo soterrado tamén será en simple circuíto dúplex.

O ámbito do proxecto atópase nos concellos de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes e Carral (A Coruña)

Para chegar a configuración final do proxecto partiuse dunha proposta inicial, e como consecuencia da tramitación administrativa e a avaliación por parte dos distintos organismos e entidades afectadas pola liña (Concello de Tordoia, Lesta Sol, SL, Concello de Ordes e a Axencia Galega de Infraestruturas) e as alegacións recibidas nas informacións públicas ás que se someteu o proxecto xurdiron unha serie de modificacións.

Ese proxecto inicial avalíouse no *Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo-Mesón, en los Términos Municipales de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Órdenes y Carral (A Coruña). Abril de 2018*, analizaronse tres alternativas de trazado, sendo seleccionada como máis favorable para o desenvolvemento do proxecto o trazado da alternativa 3, cunha lonxitude en aéreo duns 36.840 metros, 109 apoios metálicos de celosía de aceiro e un tramo final soterrado duns 1.282 metros.

Como consecuencia dos resultados da información pública do proxecto orixinal, o promotor elaborou e presentou a *Adenda al estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo-Mesón, en los Términos Municipales de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Órdenes y Carral (A Coruña). Marzo 2019*, que contén a descrición e valoración ambiental dos cambios producidos. As modificacións consistiron no seguinte:

- Desprázase a liña cara ao norte modificando a localización dos apoios 54 e 55 para diminuír o impacto sobre o núcleo de O Pedrouzo, a petición do Concello de Tordoia.
- Desprázase a liña cara ao sur modificando a situación dos apoios 79 e 80 para non pasar por enriba dun vertedoiro promovido por Lesta Sol, SL.
- Sotérrase a liña entre os apoios 103 (102 no proxecto orixinal) e 104 (106 no proxecto orixinal) e cámbiase a súa localización desprazando lixeiramente o 102 cara o noroeste o 106 cara o nordeste e intercálase un novo apoio 102, a instancia do Concello de Ordes. O trazado deste tramo soterrado proxéctase por medio de pistas municipais, contemplándose o cruce coa N – 550 tamén de xeito soterrado
- Desprázase o tramo soterrado que discorre paralelo á estrada AC-542, entre o apoio 107 (109 segundo a numeración no proxecto orixinal) e a SET Mesón para quedar fóra da súa zona de dominio público e servidume, polo condicionado da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI).
- Desprázase a localización do apoio 7 uns 35 metros cara ao oeste nas inmediacións dun vial existente, mantendo a traza da liña, mellorando o seu acceso e o cruzamento cunha liña de media tensión, aumentando a altura do cruzamento da liña e situando o apoio fóra dos terreos incluídos nunha zona delimitada como posible nova proposta de ampliación da Rede Natura vinculada á Lagoa de Alcaían.
- Ademais, desprázase a localización do apoio 47 cara ao oeste ata o límite da finca no que se sitúa mantendo a traza, para atender a petición dun alegante.






Posteriormente, e tras a aprobación do PXOM do Concello de Tordoia en marzo de 2019, este emitiu un informe técnico en referencia á localización dos apoios nº 57 e nº 58 dentro da área de protección do elemento arqueolóxico A Pedriña (GA15084060), a localización do apoio nº 58 e a proxección de parte do tramo da liña entre os apoios nº 57 e nº 59 dentro da delimitación do núcleo de Vilaprego como Solo de Núcleo Rural Común (SNRC). Para dar resposta ao anterior o promotor elaborou e presentou o 2º modificado do proxecto e 2ª Adenda al estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo-Mesón, en los Términos Municipales de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Órdenes y Carral (A Coruña). Febrero 2020, onde se analizan os impactos ambientais dos cambios do trazado para avaliar a súa viabilidade dende o punto de vista ambiental.

Nestes contexto, para facer compatible o trazado da liña co PXOM e reducir as afeccións ao patrimonio cultural, modifícase a localización dos apoios 57, 58 e 59, desprazando o trazado da liña cara o sur do núcleo de Vilaprego evitando a afección ao SNRC e situando os apoios 57 e 58 fóra do contorno de protección do túmulo de A Pedriña.

Inclúese a continuación un bosquexo do proxecto coa configuración final e reflectida na 2ª addenda ao estudo de impacto ambiental de febreiro 2020.







1.3. Principais elementos ambientais da contorna

A zona obxecto de estudo ten pendentes suaves, cunha morfloxía predominantemente chaira, menor do 10% ao longo da maior parte da traza da liña, destacando unicamente a presenza dalgúns vales como o do río Grande e o río Pedrouzo, no que o terreo presenta unha maior pendente. A área de maior altitude atópase no entorno do Monte do Marco (450 – 461 m), situado na parte central da zona de estudo, se ben a traza pasa noutros puntos do seu percorrido preto de zonas con cotas similares como o Cotón da Bruxeiriña, o alto do Niño Corveiro ou o Pico Rubieiro.

Esta topografía provoca a existencia de numerosas canles de escasa entidade, nalgún casos trátase de canles artificiais para derivar augas superficiais para uso agrícola ou para zonas habitadas, tamén zonas húmidas e presenza de brañas.

Neste sentido, a nivel hidrolóxico o ámbito de actuación pertencente á Demarcación Hidrográfica Galicia Costa. Segundo o EslA a traza da liña discorre por terreos que verten principalmente as súas augas á conca do Río Tambre e, en menor medida, ás concas dos Ríos Anllóns, Xallas e Mero. Con respecto á subconcas, dentro da do Río Tambre, son os ríos Dubra, Paradela, Lengüelle e Cabrón os que recollen as auga, na conca do Anllóns, recollen as augas os ríos Rosende e Vao, mentres que nas concas do Xallas e o Mero son os ríos principais da conca. Segundo a documentación, identifícanse ata 28 cruzamentos coa rede fluvial, entre eles atópanse o mencionado río Pedrouzo, os ríos Maxarín e Biduido que verten as súas augas no Encoro de Vilagudín e o Rego da Braña Rubia, augas abaixo da súa conexión con O Pozo e a Lagoa de Alcaíán, o rego de Pontepedra, o río Lengüelle, o rego de Lesta, o rego da Uceira, o rego de Fonte da Pedra ou o rego da Braña dos Espiños, o rego de Liñares, o río Grande ou o río Dubra, así como outros regatos innominados. Segundo o EslA ao tratarse dunha liña aérea non se producirá afección directa sobre os cursos fluviais xa que os apoios atópanse a unha distancia suficiente das canles, e non se realizarán ningunha actuación na zona de servidume dos mesmos. Ao longo do tramo subterráneo non se producen cruzamentos coa rede fluvial, pero atópase na zona de policía dun afluente do río Canedo.

Non resultará afectado ningún dos humidais recollidos no Inventario de humidais de Galicia, sendo os máis próximos no ámbito de estudo os humidais O Pozo, a Lagoa de Alcaíán e Marco do Couto, ao norte da traza. Tamén están próximos á zona de emprazamento da infraestrutura eléctrica o encoro de Vilagudín, no río Lengüelle, ao sur da liña e un pouco máis afastado o encoro de San Cosmade, no río do Portigo de Vilasén.

A zona atópase moi antropizada, presentado unha cuberta composta por un mosaico de parcelas principalmente adicadas a prados e en menor medida a explotacións forestal, entre as que intercalan parcelas abandonadas dominadas por toxo e terreos ocupados por breixeras-toxeiras de menos desenvolvemento..

Segundo o EslA, a vexetación no ámbito de estudo onde se proxecta a liña está composta maioritariamente por plantacións de especies con fins produtivos formadas por masas artificiais de eucalipto (*Eucalyptus globulus*) principalmente formado por masas puras, piñeiro (principalmente *Pinus radiata* e *Pinus pinaster*), seguido de terreos ocupados por prados. O sotobosque caracterízase por fentos (*Pteridium aquilinum*) e silvas (*Rubus ulmifolius*), noutras masas de forma escasa apareceren toxos (*Ulexeuropaeus*), xestas (*Cytisus scoparius*) e breixeiras (*Erica cinerea*, *Erica ciliaris* y *Erica australis*) e *Calluna vulgaris*). Tamén se atopan masas en menor proporción acompañadas de exemplares de frondosas, piñeiro e matogueira. En menor proporción atópanse plantacións de frondosas, castiñeiros e bidueiros. En canto ás formacións de matogueira as máis comúns son os toxos (*Ulex europaeus* e *Ulex gallii*), acompañados de fentos (*Pteridium aquilinum*), e silvas (*Rubus ulmifolius*), e breixeiras (*Erica cinerea* e *Erica ciliaris*), *Calluna vulgaris* e *Daboecia cantabrica*. A presenza de rodais de frondosas é puntual ao longo da traza, trátase de pequenas manchas de especies autóctonas de carballo (*Quercus robur*), xunto con pés de castiñeiro (*Castanea sativa*) ou de bidueiro (*Betula sp.*). Tamén hai presenza dunha pequena braña entre dous apoios da liña.





En canto aos hábitats naturais, no EsIA indícase que segundo a base de datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse varias teselas nas que están inventariados os seguintes hábitats de interese comunitario e naturais prioritarios: 4020*, 4030, 3110, 4090, 91E0*, 9230, 5110, 3170*, 3270, 3260, 1050*. Non obstante segundo indica comprobouse en campo da vexetación real existente en cada mancha de hábitat obténdose que en moitos casos se trata de prados, masas de eucaliptos e de piñeiros, algunha aliñación de árbores autóctonas, matogueiras e no que respecta aos hábitats soamente se observaron formacións dos seguintes: 4020* (Breixeiros húmidas atlánticas de zona témporas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*), 4030 (Breixeras secas europeas) e 91E0* (Bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior*). A maior parte das manchas de hábitats localizaranse baixo a rúa de seguridade polo que non se verían afectados polas obras evitando as labores de roza nesas terreos e no caso das alineacións de bosques aluviais, situadas baixo a traza só se verán afectadas polas tarefas de control de vexetación en caso de ser estritamente necesario a poda da parte superior evitando a eliminación total dos pés implicados. No caso das breixeras presentan distintos estados de conservación atopándose na maior parte dos casos en estado degradado ou moi degradado.

En canto ao inventario faunístico, segundo a Dirección Xeral de Patrimonio Natural no ámbito de estudo identifícanse 113 especies de vertebrados, 64 especies en réxime de protección xeral e de acordo co Catálogo Galego de Especies Ameazadas (CGEA) serían: 2 en perigo de extinción (*Numenius arquata* e *Tetrax tetrax*) e 7 na categoría de vulnerable (*Hyla arborea*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, *Chioglossa lusitánica*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus* e *Galemys pyrenaicus*). En canto á información dispoñible no Inventario Español de Especies Terrestres (IEET), sobre a flora singular na zona de estudo recolle que se constata a presenza potencial de especies vexetais ameazadas: *Isoetes fluitans*, *Euphorbia uliginosa* e *Centaurea ulreiaie*. Na documentación descártase a presenza das dúas primeiras na zona de afección directa do proxecto, e en canto á *Centaurea ulreiaie*, segundo a dita dirección xeral, como resultado dos traballos de campo realizados para os EsIA dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural e para a propia liña de evacuación, a o promotor remitiulle información coa distribución da especie resaltando que coa modificación da localización do apoio 7 resolveuse a posible afección sobre unha mancha con posible presenza desa especie. Aínda que, como a mancha atopárase moi próxima na rúa de seguridade, e o seu servizo provincial detectou nos traballos de campo outra localización adicional separada do eixo da liña.

A zona de estudo estaría dentro do ámbito dunha proposta técnica para plans de conservación/recuperación de especies ameazadas, que se está a elaborar dende a Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coa conservación e recuperación de especies vexetais en perigo de extinción na zona de Bergantiños (*Centaurea ulreiaie* Silva Pando e *Euphorbia polyfolia* Welx. ExBoiss.) que non foi obxecto de revisión, polo que segundo o indicado pola dita dirección xeral, a información viría actualizada polo traballo de prospección realizado polo persoal do seu servizo provincial e polo persoal técnico da promotora. Neste sentido, o proxecto atopárase fóra da área de presenza pero algunha estruturas, entre os poios 7 e 10 atoparíanse na área de distribución potencial e entre o 8 e o 9 na prioritaria de conservación.

Ademais, a zona de estudo estaría dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas de fauna que se están a elaborar na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para as seguintes especies: *Rana temporaria* (coa categoría de vulnerable) e *Tetrax tetrax* (coa categoría de en perigo de extinción).

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, o lugar onde se localizan as instalacións do proxecto non ostenta ningunha figura de espazos protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, e tampouco está comprendido dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Tampouco afecta a ningunha zona húmida das recollidas no Inventario de Humidais de Galicia, nin están presentes árbores ou formacións incluídas no Catálogo Galego de árbores senlleiras.





O proxecto non se localiza dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas, nin de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na antedita Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

Tampouco se atopa dentro de ningunha das áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección das publicadas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión. Nin no ámbito de ningunha das áreas importantes para a conservación das aves (IBA).

No que respecta á paisaxe, de acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) 2016), un tramo inicial atópase na grande área paisaxística das Chairas e Fosas Occidentais, nas comarcas paisaxísticas de Terra de Xallas e Bergantiños e o final na área de Galicia Central, dentro da comarca Terra de Ores. O miradoiro máis próximo e o de Monte Castelo que se atopa a uns 2,2 km de distancia da liña.

A traza da liña percorre paisaxes fundamentalmente produtivas, predominando os cultivos madeireiros de eucalipto e piñeiro nas coberturas forestais e o mosaico de cultivos agro-gandeiros nas coroas dos asentamentos. Nas ribeiras dos ríos e en pequenos bosquetes illados consérvanse masas de vexetación autóctona, principalmente carballos, freixos, ameneiros e salgueiros.

En canto ao patrimonio cultural, o estudo de impacto ambiental (abril 2018) recolle que no ámbito de estudo do proxecto foron identificados 55 xacementos rexistrados no Inventario do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura (26 túmulos neolíticos, 8 castros, 2 xacementos con dispersión de materiais, 10 referencias, 5 achados e 4 topónimos), así como o Camiño de Santiago (Camiño Inglés). Ademais, na prospección detectaron a presenza de 17 novos elementos (7 xacementos arqueolóxicos, 10 bens etnográficos, 9 muíños e 1 hórreo). Deles, coa configuración descrita inicialmente no EslA considérase que o proxecto pode ter un impacto de diferente consideración sobre 13 xacementos arqueolóxicos dos que soamente o elemento *A Pedriña* (GA15084060) tería un impacto severo, e sobre 8 elementos do patrimonio arquitectónico e etnográfico ademais do camiño de Santiago (Camiño Inglés), cualificando o impacto sobre todos eles coma compatible ou moderado agás no caso do Muíño en Vilaprego (E-3) en Tordoia que o cualifica como severo. Como consecuencia da segunda modificación do proxecto, o elemento arqueolóxico *A Pedriña* que se vía afectado por dous apoios pasa a non estar afectado pola liña. Ademais, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural engade aos elementos xa identificados a existencia do ámbito de protección da Braña Rubia – Lagoa de Alcaían (ACH 15029001 e ACH 15029002) recollido no PXOM do concello de Coristanco.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O 10.04.2018 Greenalia Power, SLU presentou ante o órgano substantivo unha solicitude de autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción, declaración de utilidade pública, en concreto, aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e declaración de interese especial, achegando a documentación preceptiva, entre a que se atopaba un estudo de impacto ambiental (EslA) e un proxecto de execución.

O 24.04.2018 a entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas, remitiunos unha solicitude para os efectos de obter do órgano ambiental a relación de organismos e persoas interesadas segundo o disposto no artigo 33.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, achegando un EslA e un proxecto de execución, ambos de abril de 2018.

En canto ao trámite ambiental e como xa se sinalou, o proxecto está incluído no grupo 3.g do anexo I da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (Construción de liñas de transmisión de enerxía eléctrica cunha voltaxe igual ou superior a 220 kV e unha lonxitude superior a 15 km, salvo que discorran integramente en soterrado por solo urbanizado, así como as súas subestacións asociadas) polo que sométese a avaliación de impacto ambiental (AIA) ordinaria conforme ao establecido na referida lei.





Da solicitude e documentación achegadas despréndese que, atendendo ao carácter potestativo da solicitude de elaboración do documento de alcance do EsIA segundo o artigo 33.2 da Lei 21/2013, o promotor do proxecto optou por prescindir deste trámite.

O 29.05.2018 a entón Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático remitiulle ao órgano substantivo a información solicitada e indicoulle unha serie de aspectos a ter en conta na dita tramitación da AIA ordinaria (información pública e consultas sobre o EsIA) e sobre o contido do expediente de avaliación de impacto ambiental que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA..

Logo diso, mediante Acordo do 6 de xullo de 2018 (publicado no DOG núm. 148 do 3.08.2018), a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria someteu a información pública, o estudo de impacto ambiental, xunto co proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, a solicitude de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a necesidade de urxente ocupación.

O estudo de impacto ambiental que foi sometido a información pública polo antedito acordo do 06.07.2018 ten a seguinte denominación: *Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo . Mesón en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña). Abril. 2018*

O 28.01.2019 recibíuse un escrito da Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que nos indicaba que durante a información pública se recibiran informes de distintos organismos e entidades, así como diversas alegacións en relación co trazado da liña. Como consecuencia do anterior, o promotor presentara unha modificación do proxecto presentou unha addenda ao EsIA, de decembro de 2018. Tendo isto en conta, antedita dirección xeral solicitaba que se lle indicara, os organismos aos que habería que solicitar informes sobre a dita addenda, que achegaba xunto co proxecto de execución modificado de decembro 2018.

O 25.02.2019 contestóuselle sinalando o listado de organismos aos que se consideraba que, como mínimo, debería solicitar informes sobre o modificado do proxecto, sen prexuízo de que a dita dirección xeral, como órgano substantivo, considerase necesario engadir algún outro.

Ademais, informábaselle da publicación da Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental (BOE nº 294, de 6.12.2018) e o recollido ao respecto dos procedementos en curso no punto 2 da súa disposición transitoria única, que introduce a necesidade de incluír un apartado específico que reflecta a identificación, descrición, análise dos efectos esperados, sobre o medio ambiente, como consecuencia da vulnerabilidade do proxecto ante o risco de accidentes graves e/ou catástrofes, ou risco de que ditos accidentes ou catástrofes se produzan e os probables efectos adversos significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran. Nese contexto, indicábaselle unha serie de consideracións sobre o contido que debería integrar a documentación ambiental a remitir aos organismos para sometela á consulta relativa ás modificacións do proxecto. Tamén se lle indicaba que debía realizarse algunha mellora a nivel cartográfico da addenda recibida.

O 20.02.2019 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas comunicounos que o 07.02.2019 tomou razón do cambio de denominación da sociedade Greenalia Power, SLU pasando a denominarse Greenalia Wind Power SLU.

O 02.04.2019 recibíuse un novo escrito da Dirección Xeral de Enerxía e Minas no que informaba que o promotor presentara unha nova versión do proxecto de execución modificado, do proxecto sectorial e unha addenda ao estudo de impacto ambiental, e solicitaba que para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude conforme ao artigo 33.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro lle facilitáramos a relación de organismos aos que deben pedir informe de carácter ambiental respecto da nova addenda ao EsIA. Achegaban a nova addenda ao EsIA de marzo 2019 e as novas versións do proxecto de execución modificado e do proxecto sectorial asinados en marzo de 2019.





As modificacións no trazado do proxecto descritas na addenda ao EsIA de marzo 2019, non diferían respecto das modificacións propostas na addenda de decembro de 2018. Por outra banda, engadiron nun dos seus anexos a análise da vulnerabilidade ambiental do proxecto.

Nese contexto, o 10.04.2019 este órgano ambiental contestoulle a información requirida reiterando o listado de organismos indicados na nosa contestación do 25.02.2019.

Mediante Acordo do 3 de maio de 2019 (publicado no DOG nº 100 do 28.05.2019), a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (A Coruña).

A documentación ambiental que foi sometida a información pública polo antedito acordo do 03.05.2019 ten a seguinte denominación: *Adenda al Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo . Mesón en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña). Marzo 2019.*

O 06.04.2020 a Dirección Xeral de Enerxía e Minas remitiunos unha nova consulta sobre a lista de organismos aos que consultar na avaliación de impacto ambiental ordinaria. Achega para iso unha 2ª addenda ao EsIA, de febreiro de 2020, un novo proxecto de execución e un novo proxecto sectorial, presentados polo promotor por mor das alegacións que efectuou o Concello de Tordoia durante a segunda información pública do proxecto.

O 24.04.2020 esta Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático contestoulle indicando que a relación de organismos solicitada era a indicada no noso oficio emitido o 10.04.2019.

Mediante Acordo do 19 de agosto de 2020 (publicado no DOG nº 173 do 27.08.2020), a Xefatura Territorial a Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria someteu a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo-Mesón (2ª modificado), nos concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia (A Coruña).

A documentación ambiental sometida a información pública polo antedito acordo foi: *Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo . Mesón en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña). Abril. 2018, a Adenda al Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo . Mesón en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña). Marzo 2019 e a 2ª Adenda al Estudio de impacto ambiental de la LAT 220 kV Campelo . Mesón en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña). Febrero 2020.*

O 14.12.2021 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (actual denominación deste órgano ambiental) o expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto, remitido pola actual Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

O 25.02.2022 estando en curso a revisión e a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental considerouse necesario que fora completado en diversos aspectos, entre eles requírese aclarar algunhas cuestións de índole administrativa e documental e un novo bosquejo do proxecto, polo que, de conformidade co artigo 40 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, cursouse unha solicitude e emenda.





O 23.03.2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite a documentación solicitada.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EslA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, as alegacións ambientais e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EslA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

▪ En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:

- A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emite un primeiro informe no que recolle o exposto polo Servizo de Arqueoloxía e o de Arquitectura e Etnografía en relación co contido do Estudo de Impacto Ambiental (Abril 2018) sobre o patrimonio arqueolóxico e o patrimonio arquitectónico e etnográfico incluído no seu *anexo nº 4 a Avaliación sobre o patrimonio cultural*, recolle as medidas correctoras que nel se propoñen e sinala respecto ao Camiño de Santiago (Camiño Inglés), unha serie de consideracións sobre o trazado da liña nese tramo entre elas sinala que a súa afección é ineludible porque a subestación de Mesón do Vento atópase dentro do territorio histórico delimitado e que dende o Camiño non se divisa a liña eléctrica en aéreo. Polo tanto, a afección baséase na execución das obras da gabia pola que discorrerá a liña.

Continúa indicando que tras ver os informes do Servizo de Arqueoloxía e o Servizo de Arquitectura e Etnografía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens de Conservación e Restauración de Bens Culturais e tendo en conta o ditame do Consello Asesor dos Camiños de Santiago, informa que existen elementos do patrimonio cultural na zona de afección das obras proxectadas, incluído o Camiño de Santiago (Camiño Inglés) e o seu territorio histórico, que poderían verse afectados se non se adoptan as medidas protectoras e correctoras oportunas. Porén, o EslA propón, entre as súas previsións e prescricións medidas correctoras que diminúen as afeccións aos bens culturais. Estima que estas medidas correctoras son axeitadas para alcanzar os obxectivos de diminución das afeccións ata un nivel tolerable ao admisible.

Finalmente, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa de xeito favorable o Estudo de impacto ambiental (abril 2018) debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no anexo nº 4 do EslA, así como unha serie de cautelas relacionadas coa realización dos traballos baixo control e seguimento arqueolóxico e o cumprimento da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e o Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia, coa necesidade de respectar as áreas de protección dos bens do patrimonio cultural non previstas, e en relación coa autorización das intervencións en bens catalogados e no seu contorno de protección.

Posteriormente, no marco da segunda información pública e en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora, sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un segundo informe no que valora o anexo nº 2 da dita addenda que contén o *1º anexo á Memoria da avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural* onde se analizan os cambios respecto ás afeccións ao patrimonio cultural. Entre elas, indica que se presentan as distancias e impacto sobre os elementos identificados próximos á traza da LAT e que se manteñen os diagnósticos e medidas correctoras propostas na avaliación de impacto orixinal. Sinala que non se menciona a existencia do ámbito de protección da *Braña Rubia – Lagoa de Alcaión* (ACH 15029001 – ACH1 502900), cuxo uso do solo quedará condicionado á autorización da Consellería de Cultura. Polo tanto, establece, entre outras medidas, que se recolla o seu contorno de protección na cartografía da obra e que os movementos e remocións de terra vinculados á construción dos anteditos apoios deberán ser obxecto de control arqueolóxico presencial continuo.





Compre destacar que, con respecto ao resto das modificacións, comproba que non suporán unha afección substancial ás xa informadas anteriormente, polo que reiteran o xa establecido no seu informe precedente sobre o EsIA.

Polo tanto, informa favorablemente a Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental (marzo 2019) debendo levarse a cabo as medidas correctoras establecidas no estudo de impacto sobre o patrimonio cultural do EsIA e no seu 1º anexo, así como no establecido no seu anterior informe sobre o EsIA. Ademais, sinala unha serie de consideracións e cautelas arqueolóxicas a ter en conta:

Posteriormente, no marco da terceira información pública, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (EIA) da LAT 220kV Campelo-Mesón en los términos municipales de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Ordes y Carral. Febreiro 2020*, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emitiu un terceiro informe, despois de que en xuño de 2019 o Concello de Tordoia aprobara o seu PXOM e emitira informe sectorial sobre a afección da liña ao elemento arqueolóxico *A Pedriña* (GA15084060) e a Solo de Núcleo Rural Común.

A dirección xeral sinala que a 2ª addenda ao EsIA recolle a valoración ambiental das modificacións realizadas, destaca que o documento contén unha táboa coas distancias e impactos sobre o patrimonio cultural que xa aparecía na primeira addenda e á que se lle engaden as modificacións derivadas na nova proposta, obténdose que coa nova configuración a liña non afectará o elemento *A Pedriña* (GA15084060) e que se mantén o impacto sobre o elemento etnográfico Muíño tradicional E-3. Tamén recolle que se engadiu o elemento *Medorra do Viso – A Chousa Nova 1* (GA1508407) que non fora avaliado na primeira addenda, considerándose neste caso o impacto como moderado. No resto dos bens, as distancias varían case sempre aumentando con respecto á configuración inicial e manténdose os diagnósticos, tamén inclúe no documento as fichas de impacto individualizadas para os casos que sofren cambios e conclúe que o impacto sobre o patrimonio cultural non sofre variacións sobre o xa avaliado polo que remite de novo aos resultados das primeiras avaliacións realizadas.

Por outra banda, sinala que con respecto as modificacións propostas na Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental (marzo 2019), propoñíase o paso de aéreo a soterrado do tramo entre os apoios 102 a 106. Sobre esta modificación, indica que a nova situación dos apoios 104 e 105 localizarase no extremo do contorno de protección do ben *Mámoa da Piolla 2* (GA15059095).

Finalmente, tras analizar a documentación e as súas consideracións técnicas, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural informa favorablemente a 2ª Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental (febreiro 2020) condicionada a levar a cabo as medidas correctoras establecidas no EsIA e nas súas addendas 1ª e 2ª, así coma nos informes precedentes da dirección xeral (de datas 19.10.2018 e 19.07.2019), e unha serie de consideracións e cautelas arqueolóxicas entre as que se inclúen as xa indicadas nos seus informes anteriores, completándoas e, noutros casos, engadindo medidas que non incluíran ata ese momento, coma a recomendación de retranquear os apoios nº 86, 104 e 105 fóra do contorno de protección dos bens *Mámoa do Toxal 2* (GA15059096) e *Mámoa da Piolla 2* (GA15059095).

En resposta a este informe, o promotor presenta un escrito no que mostra a súa conformidade a excepción da medida relativa ao retranqueo os apoios nº 86, 104 e 105 e xunta un documento titulado *3º Anexo á memoria. Evaluación de impacto sobre patrimonio cultural LAT de evacuación 220 kV de parque eólico Campelo, Ayuntamientos de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Ordes y Carral (A Coruña)* (con sinatura dixital do 04.02.2021).

No escrito expón que os dous elementos arqueolóxicos, *Mámoa do Toxal 2* e *Mámoa da Piolla 2*, en base aos cales se propón o retranqueo dos apoios, puxéranse de manifesto durante os traballos de prospección arqueolóxica previa levada a cabo para a elaboración do primeiro estudo de avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que incluía a proposta de medidas correctoras. Os resultados desta prospección foran incorporados ao EsIA e





informados favorablemente pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no seu primeiro informe que consideraba adecuadas as medidas propostas para acadar os obxectivos de diminución das afeccións ata un nivel tolerable e admisible e non recollía ningunha medida relativa ao retranqueo dos apoios xa situados nos extremos das contornas das área de cautela dos elementos arqueolóxicos a localizacións dos apoios non se modificou e esta circunstancia foi confirmada no segundo informe da dita dirección xeral.

Continúa resumindo os condicionados de todos os informes emitidos pola dirección xeral e sinala que as modificacións posteriores do proxecto, todas elas avaliadas nos respectivos documentos, non supuxeron ningún impacto adicional ao inicialmente previsto e as medidas correctoras propostas foron consideradas adecuadas pola dirección xeral, polo tanto o promotor considera a medida en cuestión innecesaria posto que non se ten producido ningún cambio no proxectado que a faga necesaria. Non obstante, elabora o 3º anexo adicional ao estudo arqueolóxico do proxecto no que se recollen as novas medidas contempladas pola dirección xeral e se establecen novas cautelas adicionais ás propostas pola dirección xeral que garantan unha maior protección dos elementos sen necesidade de novas modificacións na traza. Así, o anexo incorpora fichas de impacto individualizadas para cada elemento afectado polos referidos apoios e recolle tanto as medidas correctoras xa contempladas ata ese momento, coma medidas adicionais consistente fundamentalmente na delimitación dunha zona de exclusión de obras nun radio de 100 metros ao redor de cada elemento, e a incorporación dunha sondaxe arqueolóxica valorativa previa á posición das zapatas dos apoios. Solicitan que se informe favorablemente o anexo e se elimine a recomendación de retranquear os apoios nº 86, 104 e 105.

En resposta a esta nova documentación, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite un cuarto informe no que informa de xeito favorable o documento *3º Anexo á memoria. Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural LAT de evacuación 220 kV del Parque Eólico Campelo, ayuntamientos de Coristanco, Carballo, Tordoia, Cerceda, Ordes e Carral (A Coruña)* e as medidas correctoras que nel se propoñen, e sinala que deberán executar xunto coas recollidas no EslA e as súas addendas nº 1 e nº 2, así como o establecido nos seus tres informes previos e unha serie de consideracións entre as que se atopan:

- Os traballos de construción da liña eléctrica realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse ante a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997).
- A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá de ser presencial e continuo ademais de nos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos documentados no anexo 4 do estudo de impacto ambiental, nos apoios 10, 11, 12, 13, 20, 21, 22, 30, 31, 32, 33, 34, 52, 82, 86, 104 e 105, así coma na totalidade das obras a desenrolar no territorio histórico do Camiño Inglés e na súa traza. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así coma control dos perfís e cortes que se xeren, incluíndo a apertura de bases para apoios, e outras remocións de terras. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación dos mesmos.
- Os elementos incluídos no catálogo e as súas áreas de protección deberán plasmarse na cartografía da obra a unha escala representativa, debéndose incorporar á planimetría do proxecto e de obra o contorno de protección do elemento *Braña Rubia - Lagoa de Alcañán*, ACH 15029001 e ACH 15029002.
- Os Concellos de Tordoia e Ordes deberán incluír os novos bens arqueolóxicos identificados: *Medorra 1 do Viso-A Chousa Nova 1* (GA15084107), *Medorra 2 do Viso-A Chousa Nova 2* (GA GA15084108), *Medorra de Cova do Uzal* (GA15084106), *Medorra 5 de*





Raposeira (GA15084105), *Medorra do Toxal 2* (GA15059096), *Mámoa 1 da Piolla* (GA15059094) e *Mámoa 2 da Piolla* (GA15059095), nos catálogos de bens culturais das súas normativas urbanísticas e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Así mesmo, deberá ser corrixida a localización do ben *PH-19 Monte da Medorra/ Medorra do Toral/ Medorra do Rego* (GA15059019) na planimetría de ordenación do concello de Ordes.

- Como medida xenérica, nas áreas de protección dos bens do patrimonio cultural, non se poderá realizar ningún tipo de obras relacionadas co proxecto, non previstas na documentación.
 - Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural rematada a totalidade de las obras.
 - Os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural, deberán quedar libres tanto de obra nova relacionada coa liña de alta tensión proxectada coma de zona de acopios de materiais.
 - Nos casos que o tendido sobrevoe áreas de protección ou cautela de elementos do patrimonio cultural, unha vez executada a liña, deberá solicitarse autorización á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a realización das labores periódicos de mantemento e limpeza da rúa.
- A Dirección Xeral de Patrimonio Natural emite un primeiro informe sobre a Addenda ao Estudo de Impacto Ambiental (marzo 2019) no que indica entre os antecedentes, que con anterioridade a Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria solicitoulle un informe sobre o EslA do proxecto e sinala que a documentación foi obxecto de análise e informe por parte do Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, aínda que a dirección xeral non emitiu informe ao respecto.

A continuación, resume o proxecto orixinal e os cambios descritos na addenda ao EslA de marzo 2019, e efectúa unha análise do proxecto tendo en conta a documentación e o informe emitido ao respecto polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña, no que sinala que o lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia nin da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, a este respecto destaca que na contorna do proxecto estase a estudar unha posible proposta de ampliación da Rede Natura vinculado ao espazo "Río Anllóns" a localización orixinal do apoio nº 7 estaría comprendido dentro destes límites, polo que se solucionou co desprazamento do apoio dentro do propio eixe da liña, situándose fóra da mesma. Tampouco está comprendido dentro de ningunha área protexida por instrumentos internacionais. Sinala así mesmo que o proxecto non afecta a humidais dos recollidos no Inventario Galego de Humidais (Decreto 127/2008, do 5 de xuño) nin a árbores ou formacións senlleiras (Decreto 67/2007, do 22 de marzo). Tampouco afecta a áreas prioritarias para a avifauna ameazada e/ou zonas de protección das publicadas na Resolución do 18 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión (actualizada pola Resolución do 18.10.2021).

A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

Respecto aos hábitats, indica os inventariados de conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005) na zona de actuación: 3110, 4020*, 4030, 3170*, 3260, 3270, 4090, 5110, 91E0*, 9230 e 1150*.





Neste sentido, recolle o sinalado na documentación respecto a comprobación efectuada nas visitas de campo da situación actual do terreo con respecto aos datos das bases do ministerio atopando que non se corresponden exactamente coa situación actual, xa que a maior parte da superficie incluída nas teselas correspóndese a formacións de prados e masas de eucaliptos, ademais destaca o sinalado polo promotor sobre que ningún dos apoios se situará sobre manchas de hábitats prioritarios ben conservados, e recolle os lugares onde identifican os hábitats e as condicións nas que se atopan (certo grado de degradación) xunto coa súa localización con respecto ao proxecto. Destaca as medidas que o promotor propón en relación cos hábitats presentes ao longo da liña baixo a franxa de seguridade, como por exemplo, realizar as labores de roza de forma selectiva respectando os hábitats naturais, evitándose a roza no caso de que o porte e a súa natureza o permita.

Sinala que da visita efectuada a campo polo servizo provincial non hai diferencias significativas respecto ao indicado polo promotor.

En canto ao inventario faunístico, citan no informe 113 especies de vertebrados, 64 especies incluídas no réxime de protección xeral e de acordo co CGEA 2 estarían na categoría de en perigo de extinción (*Numenius arquata* e *Tetrax tetrax*) e 7 na de vulnerables (*Hyla arborea*, *Rana ibérica*, *Rana temporaria*, *Chioglossa lusitánica*, *Circus pygargus*, *Circus cyaneus* e *Galemys pyrenaicus*). Ademais, engade a información dispoñible no Inventario Español de Especies Terrestres sobre a flora singular na zona de estudo constatando a presenza potencial de especies vexetais ameazadas: *Isoetes fluitans*, *Euphorbia uliginosa* e *Centaurea ulreiae*. Neste sentido, sinala que en canto ás dúas primeiras, a addenda conclúe que non se identifican nas zonas de afección directa do proxecto, en canto á *Centaurea ulreiae*, a dirección xeral indica que como resultado dos traballos de campo realizados para os EsIA dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural e da liña de evacuación PE Campelo – Mesón, a empresa autora do EsIA da liña e a súa addenda, remitiulle información coa distribución da especie. Da dita información, resalta que a localización inicial do apoio 7 situábase nunha mancha con presenza desta especie pero esa afección quedaría resolta co desprazamento do dito apoio que se describe na addenda. Aínda así, sinala que a mancha atoparíase moi próxima localizándose na rúa de seguridade, o que podería provocar algunha afección durante os traballos construción e mantemento da liña. Ademais, engade que o servizo provincial detectou nos traballos de campo outra localización adicional pero separados do eixo da liña.

A zona de estudo estaría dentro do ámbito dunha proposta técnica para plans de conservación/recuperación de especies ameazadas, que se está a elaborar dende a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en relación coa conservación e recuperación de especies vexetais en perigo de extinción na zona de Bergantiños (*Centaurea ulreiae* Silva Pando e *Euphorbia polyfolia* Welx. *ExBoiss.*) e sobre o que sinala que hai que ter en conta que non foi obxecto de revisión e de actuacións e que os usos e aproveitamentos do territorio obxecto do plan foron modificados, polo que segundo recolle a fiabilidade do documento a día de hoxe, ven actualizada polo traballo de prospección na área de afección potencial do proxecto tanto polo persoal do servizo provincial de Patrimonio Natural, coma polo persoal técnico da promotora, coa localización de núcleos con presenza da especie no ámbito do proxecto.

A este respecto, engade que a localización das estruturas do proxecto da liña proposta na addenda, quedan fóra das zonas definidas como de presenza, non obstante, os apoios 8, 9 e parte do tramo entre os apoios 7 e 10 atoparíanse na área de distribución potencial, e o apoio 8 e parte da liña que une os apoios 8 e 9 dentro da área prioritaria de conservación.

Consecuentemente, tendo en conta os datos achegados polo promotor e polo servizo provincial en relación ás localización actualizadas das especies, estiman que se evitarían afeccións directas a exemplares coñecidos de *Centaurea ulreiae* sempre e cando se tomen as medidas pertinentes para garantir a non afección ás especies que se localizan próximas ao apoio 7.





Engade que a zona estaría dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas de fauna que se están a elaborar na dirección xeral, ademais do xa sinalado para flora, sinala as especies *Rana temporaria* (coa categoría de vulnerable) e *Tetrax tetrax* (coa categoría de en perigo de extinción). E resalta a importancia do seguimento e vixilancia ambiental para detectar especies catalogadas e implementar a protección e os mecanismos técnicos e administrativos que correspondan.

A dirección xeral nas súas conclusións, indica que información dispoñible, non é previsible que o proxecto xere efectos significativos no medio, sendo compatible coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, tendo en conta a observación das medidas contempladas na documentación achegada e unha serie de aspectos entre os que se atopan:

Garantírase a conservación dos exemplares de especies de flora e fauna recollidas no CGEA que puideran estar presentes na zona de actuación. En xeral, cumprírase coas obrigas establecidas a este respecto nos artigos 89, 93 e 95 da Lei 5/2019, do 7 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia. En consonancia co establecido no artigo 84.1 da dita lei adoptaranse as medidas necesarias para evitar a deterioración, a contaminación e a fragmentación dos hábitats e as perturbacións que afecten as especies, na medida en que estes fenómenos teñan un efecto apreciable sobre o estado de conservación dos ditos hábitats e especies. A valoración da compatibilidade coas especies ameazadas, debe estar acompañada por un esforzo significativo no seguimento, tanto na execución coma na explotación e no desmantelamento, así, antes do inicio dos traballos, levarase a cabo unha prospección minuciosa para constatar a presenza ou ausencia de especies do catálogo, comunicándoo en caso de detección á Dirección Xeral de Patrimonio Natural a través do Servizo Provincial de Patrimonio Natural da Coruña, para a avaliación e tratamento destas afeccións. Ademais, destaca a medida proposta na documentación de realizar rozas de forma selectiva, respectando os hábitats naturais, e en consonancia con isto, establece que o promotor deberá extremar as precaucións á hora de realizar os traballos de implementación da liña e/ou mantemento desta, en especial, na proximidade do apoio 7 e na súa rúa de seguridade, así indica que requirirán especial atención os valores patrimoniais sinalados no seu informe (*Centaurea ulreiae*, *Rana temporaria* ou *Tetrax tetrax*), velando porque a presenza entre os apios 7 e 8 non se vexa afectada, adoptando as medias que resulten necesarias e comunicándoas, así como o seguimento que se efectúe ao respecto.

En resposta a este informe o promotor presenta un escrito no que manifesta a súa conformidade e especifica os traballos que realizará antes do inicio das obras, como por exemplo a realización de prospeccións intensivas previas para a detección das posibles especies indicadas e onde as realizarán conforme ao indicado pola dirección xeral no seu informe, sinala que para o establecemento das medidas necesarias terá en conta un plan que está a realizar a promotora en colaboración con varias entidades en relación coa conservación e recuperación da *Centaurea ulreiae* no entorno do Monte Castelo, describe as medidas de protección da *Centaurea ulreiae* que se levarán a cabo nas proximidades do apoio nº 7 e recolle as medidas a levar a cabo para a conservación dos hábitats naturais en consonancia co recollido na documentación ambiental e no informe emitido pola dirección xeral.

Paralelamente, a empresa promotora presentou á entón Dirección Xeral de Enerxía e Minas unha solicitude para o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á elaboración do *Plan de recuperación da especie Centaurea ulreiae no entorno do Monte Castelo*, que xurde como consecuencia da tramitación da avaliación de impacto ambiental ordinaria dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural, dos que é promotor Greenalia a través das correspondentes empresas, ao igual que da liña de evacuación obxecto desta DIA.

En relación con esta solicitude, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe no marco da tramitación deste expediente no que como antecedentes administrativos recolle que a medida compensatoria trátase da mesma medida proposta polo promotor nos distintos proxectos dos parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural así como a liña eléctrica de evacuación. Recolle o contido do informe emitido no marco da tramitación dos parques eólicos





Bustelo e Monte Toural e as notas e aclaracións efectuadas pola Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas (SXBeRCP) nas que se basearon os ditos informes. Así mesmo, no marco da tramitación do expediente da LAT Campelo – Mesón considera axeitado recoller as consideracións da antedita subdirección xeral ao respecto da documentación presentada relativa á medida compensatoria nos 3 parques eólicos e na liña de evacuación, traslada as súas consideracións exclusivamente en relación coa idoneidade da documentación presentada relativa á medida compensatoria e recolle exclusivamente as apreciacións efectuadas en relación coa liña de evacuación, sobre a que di que en ningún dos documentos se ten incorporado ou avaliado ningunha medida compensatoria de impactos residuais sobre as especies de flora ameazadas en Galicia que non puideran ser eliminados empregando as medidas preventivas incorporadas ao proxecto, polo anterior, a SXBeRCP considera que a medida compensatoria non debe ser incorporada no expediente de avaliación de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV Campelo – Mesón. Para finalizar, a dirección xeral conclúe que á vista do recollido no seu informe, da análise da documentación e das achegas efectuadas pola SXBeRCP, deben terse en conta os aspectos que correspondan das notas e aclaracións da dita subdirección xeral e que foron analizadas, avaliadas e contempladas no seu informe.

No marco das consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)*, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un terceiro informe no que cita os seus informes anteriores, resume a documentación relativa ao 2º modificado do proxecto, destaca os aspectos relativos á afectación á vexetación, que se corresponde a formacións de carácter agrícola e forestal, prados e pastos, plantacións de eucaliptos e castiñeiros, ademais unha parte das formacións da zona de servidume da liña resultarán compatibles coa propia liña ao tratarse de pastos, cultivos e mato baixo, así mesmo, recolle que non se verán afectadas formacións de frondosas nin as localizadas baixo a rúa nin as vinculadas aos cursos fluviais.

Salienta as consideracións efectuadas polo Servizo de Patrimonio Natural da Coruña na súa análise, que considera que a modificación non produce unha alteración significativa sobre a vexetación con respecto á xerada na traza contemplada no EsIA orixinal e que en concordancia coa información da que dispón non se engaden tampouco afeccións sobre compoñentes da biodiversidade que resulten claves, protexidos ou ameazados.

Finalmente conclúe que a 2ª modificación do proxecto non supón unha afección significativa adicional sobre o patrimonio natural e a biodiversidade, estando para o demais vixente os aspectos contemplados nos seus dous informes emitidos con anterioridade.

- O Instituto de Estudos do Territorio (IET) emite un primeiro informe no que recolle o marco legal e a descrición do proxecto e resume o contido do EsIA en relación coa paisaxe destacando que inclúe un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP) como documento específico. A continuación caracteriza a paisaxe afectada polo proxecto e fai unha análise do contido do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística propostas na documentación.

En relación co EIIP indica que contén unha análise dos elementos integrantes da paisaxe baseados nos contidos do Catálogo das Paisaxes de Galicia, unha descrición das características técnicas do proxecto e a súa visibilidade, a identificacións e valoración dos impactos e as actuacións de integración paisaxística. E conclúe que a instalación resulta compatible cos valores paisaxísticos recollidos no Catálogo, toda vez que o miradoiro máis próximo, o de Monte Castelo, non resulta visible dende a LAT, que non cruza ningunha área de interese paisaxístico nin rutas catalogadas e que o tramo obxecto de afección pola traza do Camiño de Santiago circula soterrado.

Ademais, considera que o EIIP é completo e axústase formalmente ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, de 7 de xullo de protección da paisaxe de Galicia. Non obstante, indica que non se ten valorado a posibilidade de utilización da traza da LATs existentes como sinala a





determinación 4.7.10 das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT). Neste sentido, sinala que, se ben a traza proposta non afecta directamente aos valores paisaxísticos recollidos no Catálogo, a súa longa distancia vai implicar impacto visual pola fragmentación de coberturas vexetais de medio e alto porte, perda de vexetación arbórea autóctona ribeirega e a instalación de apoios de alta visibilidade. Polo tanto, considera que debe valorarse a posibilidade de empregar o mesmo corredor eléctrico existente que outra liña que se dirixe a mesma subestación de Mesón do Vento, conectando o trazado proposto coa liña existente ao seu paso entre os núcleos de Abres e Vilasal.

E conclúe que as medidas de integración paisaxística previstas poden considerarse, en xeral, adecuadas para reducir ou mitigar o impacto sobre a paisaxe, se ben, debe terse en conta a recomendación de valorar a utilización dos corredores eléctricos existentes.

En contestación ao dito informe, o promotor presentou o documento *Análisis de la utilización de los corredores de las líneas eléctricas existentes para el trazado de la L.A.T. 220 kV Campelo-Mesón do Vento, en los términos municipales de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes, y Carral (A Coruña). Octubre 2018* no que valora a posibilidade de conexión dos parques eólicos do entorno a liñas eléctricas existentes, e xustifica o proxecto da liña obxecto desta DIA LAT Campelo – Mesón como solución de evacuación da xeración eólica na zona. Engade as valoracións efectuadas no estudo de alternativas realizado do EsIA xa que non se incluíra dentro do contido EIP e analiza os usos de corredores eléctricos existentes dende o punto de vista dos aspectos técnicos e a análise da posible localización dun trazado próximo a liñas existentes. Conclúe que non é viable dende o punto de vista técnico conectar os parques eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural á LAT existente (tendo en conta a capacidade existente e a necesidade de desconectar os servizos actuais durante as actuacións deixando sen servizo á comarca). Tamén xustifica que a alternativa seleccionada no EsIA, reduce, con respecto á opción de empregar o corredor da LAT existente, as molestias sobre a poboación, o turismo, o impacto paisaxístico dos potenciais observadores, diminúe así mesmo o número de paralelismos con cursos fluviais, os potenciais impactos aos ecosistemas, a flora e a fauna asociada a estes, e as afeccións a elementos arqueolóxicos e patrimoniais. Tamén xustifica o dimensionamento da liña de xeito que permita albergar a potencia doutros proxectos de enerxía renovable con conexión e acceso adjudicado na subestación de Mesón do Vento.

Segundo se recolle no documento, a traza elixida xa contemplou situarse, sempre que fora posible, cerca da liña existente, discorrendo en paralelo nun tramo duns 2.210 metros. Engade que non se proxecta un tramo máis amplo para evitar aumentar o impacto sobre os cursos fluviais e os seus ecosistemas, fauna e flora. Ademais, tamén xustifica que elaborar un corredor paralelo á liña existente Dumbria – Mesón do Vento, suporía deixar as vivendas máis próximas cercadas por dúas liñas eléctricas. Empregar este corredor suporía, entre outras cuestións, cruzar o embalse de Vilasén e unha gran mancha de hábitats a el asociada e paralelismo con dous cursos fluviais e o cruzamento coa súa rede de afluentes. Ademais, a alternativa seleccionada situarase o máis afastada posible dos principais núcleos que aglutinan a poboación rural da zona e de casas illadas existentes, e xustifica que ao discorrer a a traza da alternativa seleccionada entre plantacións forestais de eucalipto actuarán como pantallas visuais ao contrario do que ocorrería co trazado próximo aos corredores existentes que se situaría en zonas habitadas ou nas súas inmediacións dificultando o seu apantallamento.

Á vista do anterior, o Instituto de Estudos do Territorio emite un segundo informe no que considera que a análise incorporada ao EIP sobre a utilización de corredores de liñas eléctricas existentes para o trazado desta LAT resulta completa e xustifica a imposibilidade técnica de dita alternativa. Así mesmo, a alternativa elixida contén criterios axeitados para minimizar a afección visual e ambiental da apertura da nova traza.

Posteriormente, no marco da segunda información pública e en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, o Instituto de Estudos do Territorio emite un terceiro informe no que indica que as





modificacións propostas veñen a mellorar a integración paisaxística ao seu paso por zonas poboadas e non supoñen novas afeccións significativas. E, polo tanto, non formula obxeccións á addenda ao estudo de impacto ambiental do proxecto.

No marco da terceira información pública, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)* o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un cuarto informe no que sinala que as modificacións propostas reducen o impacto visual da LAT sobre zonas poboadas e inciden positivamente sobre un elemento arqueolóxico catalogado, ademais, non será necesaria a eliminación de formacións arbóreas autóctonas e de ribeira polo que as modificacións non suporán novas afeccións significativas. E, por conseguinte, non formulan obxeccións á 2ª addenda ao estudo de impacto ambiental da LAT 220 KV Campelo-Mesón.

- A Dirección Xeral de Saúde Pública emite un primeiro informe sobre o EsIA no indica que se realiza avaliando se na documentación se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos do proxecto no medio ambiente con posible repercusión sobre a saúde humana. Sinala que é importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que existe a un risco para a saúde, xa que para iso debe existir unha vía de exposición completa.

Ademais, o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica, co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación efectúa unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición, avaliación da necesidade de medición da exposición e avaliación da necesidade do deseño dun estudo de risco para a saúde.

Conclúe que de cumprir cos estándares non se prevé a necesidade de realizar unha medición específica da exposición da poboación e que non procede a realización dun estudo de avaliación de risco para a saúde. Por outra banda, sinala que na documentación aportada non se recolle información en relación coa xeración de outros gases (efecto coroa) e ácido nítrico en presenza de humidade, valoración técnica da afección á poboación polo ruído durante a obra, sobre a existencia de auga de abastecemento e de determinados produtos perigosos e os residuos xerados na súa eliminación.

En contestación ao dito informe o promotor achegou un escrito no que manifesta que se realizaron os cálculos necesarios para coñecer a existencia do efecto coroa na liña avaliada e dos cálculos efectuados obtense que non existirá efecto coroa, sinalando ademais que é un fenómeno coñecido e que non representa perigo para a saúde da poboación. En relación co ruído en fase obra, realizou unha simulación do ruído obtendo que tan so en dous puntos os resultados situaríanse entornou aos valores máximos, polo tanto conclúe que os niveis de ruído alcanzado nos núcleos rurais próximos procedentes das obras entrarían dentro dos máximos tolerables xa que na situación máis esixente non superaría o valor máximo de recepción. Destaca que nos cálculos non se considerou efectos da atenuación da propagación nin o ruído de fondo, polo que se espera que nos núcleos estudados se perciba un nivel de ruído procedente das obras de instalación dos apoios dentro da lexislación vixente. Sobre a auga de abastecemento sinala que non se contempla a necesidade de instalar un campamento de obra, polo que tampouco se recolle a instalación de aseos nin vestiarios, non obstante, de ser necesario, buscarase a posibilidade de conexión cunha acometida próxima ou se procederá ao subministro mediante botellóns de auga potable, asegurando o cumprimento da lexislación ao respecto. Do mesmo xeito, no caso de que se instalen vestiarios que dispoñan de ducha, a instalación cumprirá cos requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo. Sobre os produtos perigosos nas instalación e o mantemento, sinala que nos traballos durante a fase de explotación non será preciso empregar fitocidas, biocidas, aceites minerais, combustibles nin gases illantes (SF₆) polo que tampouco se xerarán residuos na súa





eliminación. Para realizar as operacións de mantemento, tampouco se deberían xerar residuos perigosos.

En relación con esta contestación a Dirección Xeral de Saúde Pública emitiu un segundo informe non que considera satisfeitos os requirimentos efectuados no seu informe.

Posteriormente, a unidade tramitadora efectuou as consultas sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, e a Dirección Xeral de Saúde Pública emitiu un terceiro informe en relación co dito documento. Nel recolle que visto o seu contido relativo ás modificacións puntuais do trazado da liña e a análise da vulnerabilidade ambiental do proxecto, requirido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, en cumprimento da Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental, en relación aos riscos de accidentes graves ou catástrofes que incidan no mesmo, o risco de ocorrencia dos mesmos e os probables efectos adversos, significativos sobre o medio ambiente no caso de que ocorran, estima que de cumprirse os estándares e medidas de seguimento referidos no proxecto previo, incluídas as consideracións feitas nos informes desa dirección xeral, e tendo en conta as medidas de xestión do risco propostas polo promotor derivadas da análise de vulnerabilidade ambiental, deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

No marco da terceira información pública, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)* a Dirección Xeral de Saúde Pública emitiu un cuarto informe no que, con respecto a modificación descrita no documento, indican que deberá respectar a zona de exclusión de 50 metros entorno aos límites dos núcleos rurais consolidados e para as vivendas illadas ou zonas de expansión futura de núcleos, establecida no estudo de impacto ambiental inicial, como distancia de seguridade, que permitía garantir a non afección á poboación do entorno, no referente ao ruído e os campos electromagnéticos, por riba dos limiares establecidos na normativa de referencia. A continuación sinalan que da revisión efectuada dos planos do trazado e dunha avaliación das distancias aproximada, comprobaron que o novo trazado incrementa a distancia de separación no referente ás vivendas do núcleo de Vilaprego, atopándose por riba da distancia de seguridade referida.

- A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un primeiro informe en resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, na que, asemade, remitiulle o estudo de impacto ambiental (abril 2018), dado que non se lle consultara previamente a este organismo sobre o EslA. No informe recolle que o Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu anexo I aquelas actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira especialmente grave por situacións dese carácter, polo tanto, se é o caso, o titular deberá implantar, manter e revisar o seu propio plan de autoprotección, que é o documento que prevé as emerxencias que se poden producir a consecuencia da súa propia actividade e as medidas de resposta ante situacións de risco, de catástrofes e de calamidades públicas que podan afectar ao proxecto.

Ademais, indica que se deben ter en conta as obrigas de autoprotección e as disposicións que poidan existir por parte das entidades locais, posto que en base ao establecido no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección (NBA), poden estender as obrigas de autoprotección a actividades, centros, establecementos, espazos, instalación ou dependencias onde se desenvolvan actividades non incluídas non anexo I da NBA, e establecer os seus propios catálogos de actividades susceptibles de xerar riscos colectivos ou de resultar afectados polos mesmos, así como as obrigas de autoprotección, en cada caso. Polo que de ser o caso deberá ser tido en conta.





Tamén informa que en materia de protección civil as competencias son concorrentes e compartidas entre as diferentes administracións públicas e destaca que a Lei 17/2015 de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, e a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia, establecen que as entidades locais teñen competencias para elaborar inventarios de riscos así como plans municipais de protección civil, polo tanto, de ser o caso, a actividade deberá ter en conta as recomendacións que nesa materia establezan a administración local.

Para finalizar indica que onde se poden consultar os plans aprobados pola Xunta, o nivel de risco de cada concello tanto de xeito xeral (PLATERGA) como a nivel específico para aqueles riscos que son obxecto de plans especiais como as inundacións, incendios forestais, movementos sísmicos ou mercancías perigosas, así como os plan de emerxencia exterior de industriais (SEVESO).

En resposta a este informe o promotor presenta un escrito no que manifesta que as actuacións comprendidas no proxecto, non están afectadas polo Real Decreto 840/2015, do 21 de setembro, nin o proxecto interfere en zona de afección de establecementos aos que lles é de aplicación, as actuacións proxectadas non se atopan entre as actividades susceptibles de xerar situacións de grave risco colectivo, catástrofe ou calamidade e os centros ou instalacións que poden resultar afectados de maneira grave por situacións dese carácter, ao non coincidir coas recollidas no alcance do Anexo I, do Decreto 171/2010, do 1 de outubro, tampouco está relacionadas, nin as actuacións nin a liña, con ningún dos tipos de riscos recollidos no plan autonómico de emerxencias. Tras facer as consultas pertinentes aos concellos polos que está previsto que transcorra a LAT, conclúe que non teñen ditadas obrigas de autoprotección asociadas a actividade e implantación do proxecto no seu territorio, nin inventarios de riscos, nin plans municipal de protección civil onde se analicen os riscos existentes. E ademais, engade que análise de vulnerabilidade realizada toma en consideración o nivel de risco dos concellos polas que transcorre a LAT, reflectidas no Anexo II do PLATERGA e avalía de forma detallada as fontes de perigo identificadas entre as que se inclúen tipoloxía de riscos reflectidos no PLATERGA.

Posteriormente, no marco da terceira información pública, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)* a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior emite un segundo informe no que se ratifica no seu informe anterior e estima que o risco de accidentes graves ou catástrofes é baixo, reitera as obrigas do titular no caso de que, o proxecto puidera estar afectado polo Decreto 171/2010, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

- A Dirección Xeral de Ordenación Forestal (actual Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal) como resposta ás consultas efectuadas polo órgano substantivo sobre o EslA, remite dous informes elaborados polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Coruña. O primeiro deles en relación coa afección ao monte "Castelo" indicando que está incluído no Catálogo de utilidade pública polo seu carácter comunal, que se atopa deslindado e amolloado e quedaría afectado polo paso de 200 metros da LAT de *Castanea spp*, e as súas consideracións sobre o procedemento que considera máis axeitado para a resolución de expedientes de ocupación do monte. No segundo informe, o servizo recolle o estado forestal do Monte Campelo, do MVMC Río do Sol, do Monte Castelo e do MVMC Inxeiro, de acordo con sinalado polos distritos forestais II e III e a continuación recolle a lexislación en materia forestal de aplicación, e informa en relación coa necesidade de informe sectorial por parte dos instrumentos de ordenación do territorio.

Tamén desenvolve as indicacións que neste mesmo sentido recolle a Lei 13/1989, de montes veciñais en man común en relación coas declaracións previas e os acordos a acadar. Recolle como se determinará a superficie de afectación para o que se terá que ter en conta ademais a normativa de prevención de incendios no relativo ás redes de faixas de xestión de biomasa. E manifesta que pode existir algunha superficie de repoboación que conte con subvención.





Engade como se determina a superficie de afección, para o que se deberá ter en conta a superficie ocupada polas estruturas e as distancias de servidume de cada elemento necesaria para cumprir coa normativa de prevención de incendios relativa ás faixas de xestión de biomasa descritas na Lei 3/2007. Tamén expresa as súas consideracións sobre a clasificación do solo que sexa afectado polas infraestruturas e as servidumes, e considera que a clasificación debe prevalecer as condición de uso máis restritivas dentro das correspondentes clasificacións de xeito que se incida na conservación dos valores forestais. Tamén estima que o proxecto debe ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao referir o distrito II no seu informe a existencia de restos arqueolóxicos.

O promotor responde a estes informes indicando que tomará en conta as indicacións feitas, incluirán os compromisos adquiridos nos montes dentro da negociación correspondente, tratará de chegar a acordos cos propietarios, cumprirá en todo momento a normativa vixente en materia de prevención de incendios forestais e sobre a zonificación territorial en base ao risco de incendios forestais. Manifesta con respecto preza de elementos do patrimonio cultural, que conta co informe do organismo competente nesta materia e da resposta ás consideracións efectuadas sobre a clasificación urbanística do solo.

En resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remite un informe do Servizo de Montes no que conclúe que a addenda presentada ao proxecto orixinal introduce modificacións no trazado da liña en cinco tramos diferentes, nos concellos de Carral, Coristanco (pertencentes ao Distrito Forestal II), Ordes e Tordoia (do Distrito Forestal III) Tanto o Distrito Forestal II como o Distrito Forestal III conclúen nos seus informes que os cambios introducidos no trazado, dentro do territorio do distrito, non ocasionan máis afeccións a ningunha masa forestal de importancia nin producen cambios nas afeccións xa sinaladas para o proxecto orixinal sobre montes de xestión pública. Polo tanto, as modificacións realizadas non varían de xeito significativo as afeccións do trazado orixinal ao medio forestal.

Posteriormente, no marco da terceira información pública, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)* a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal emite un informe do Servizo de Monte no que conclúe que a addenda presentada ao proxecto orixinal introduce modificacións no trazado da liña entre os apoios 56 e 60, no concello de Tordoia e que estudada a superficie afectada pola nova modificación, non se atoparon afeccións significativas ao medio forestal e que as modificacións realizadas non varían de xeito significativo as afeccións do trazado orixinal ao medio forestal, e sinala que se debería contar con informe do Servizo de Prevención de Incendios Forestais sobre a afección as infraestruturas de prevención e defensa contra incendios forestais.

- Augas de Galicia emite un informe sobre o estudo de impacto ambiental no que, logo de citar a lexislación de aplicación, describe as actuacións e características do proxecto e analiza o contido do EslA en relación coa análise que fai da hidrografía e os cruzamentos que realiza a infraestrutura con ríos e regatos, a altura sobre as respectivas canles, e a avalición da posible afección das actuacións do proxecto nas diferentes fases sobre este aspecto.

A continuación informa sobre a rede fluvial que se atopa no ámbito de actuación, as canles fluviais codificadas, os cruzamentos que se poden consultar no seu visor web, especificando os apoios que se atopan na zona de policía de cada canle identificada, así como un camiño de acceso á traza que tamén se atopa en zona de policía para os que deberán solicitar autorización administrativa. Continúa indicando que se deben definir construtivamente tanto os novos os cruces coas canles coma se se modifiquen os existentes. Destaca que, en calquera caso, os apoios deberán estar fóra da zona de servidume.





En canto a outras obrigas que establece a normativa e a lexislación de augas, sinala que calquera elemento susceptible de consideración como dominio público hidráulico (DPH), seranlles de aplicación a normativa e lexislación de augas e destaca que, en todo caso, a lexislación sectorial de augas establece unha zona de servidume e policía en tódolos leitos públicos e en toda a súa lonxitude. Recolle que calquera actuación realizada na zona de DPH, zona de servidume ou policía, os novos camiños de acceso ou modificación dos existentes, así como as zonas de ocupación temporal necesarias para o desenvolvemento das obras que se localicen nestas zonas de DPH, os campamentos de obra e/ou punto limpo que se sitúen en zona de policía, os cruces de canles por liñas eléctricas aéreas, e a tala de árbores en zona de servidume, deberán obter as autorizacións administrativas do organismo de cunca de acordo co RDPH e a lexislación de augas e indica a documentación a aportar e o seu contido para a dita tramitación.

En canto a altura mínima do tendido sobre as canles afectadas nas condicións máis desfavorables, describe os resultados obtidos segundo o cálculo do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RDPH), que tamén está fixado polo Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09 e indica que neste caso deberá cumprirse coa distancia mínima marcada polo RDPH por ser máis restritiva. Compara a altura á que se realizará o cruzamento sobre a canle segundo o EsIA e a altura mínima que debe cumprir de acordo co RDPH nas sobre as respectivas canles, respectando en todos os casos a altura mínima.

As actuacións non afectan a ningún espazo protexido recollido no Catálogo de zonas protexidas do PHGC, aprobado polo RD 11/2016, de 8 de xaneiro. Tampouco se atopa dentro de ningún espazo protexido recollido na lexislación, a nivel autonómico nin estatal. Nin se atopa incluída nunha área protexida por instrumentos internacionais: Reserva da Biosfera nin zonas húmidas RAMSAR, non está delimitada ningunha Zona de Especial Protección dos Valores Naturais, nin Zona de Especial Conservación. Non resulta afectado ningún dos humidais recollidos no Inventario de humidais de Galicia, nin ningunha Zona de Especial Protección para as aves, nin IBA. Non obstante, sinala que, en todo caso, deberase ter en conta a presenza de humedais ou outras zonas húmidas no desenvolvemento da actuación, adoitando as medidas precisas para a súa preservación e no seu caso, contar coas autorizacións correspondentes E atender as prescricións feitas no PHGC sobre estas zonas, así como aos condicionantes establecidos polo Servizo de Conservación da Natureza.

Recole o contido da lexislación sobre as zonas inundables e zonas de fluxo preferente, as autorizacións e prescricións establecidas para estas zonas. E sinala que o ámbito de actuación non está afectado por ningunha Área de Risco Potencial Significativo de Inundación fluvial.

Así mesmo, os camiños, as drenaxes lonxitudinais e transversais deben cumprir coa Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia Costa. Ademais para calquera pozo de auga deberá solicitarse o uso privativo ou concesión de acordo co TRLA, e, de producirse algún vertido, deberá solicitar a correspondente autorización de vertido.

Para finalizar inclúe unha serie de condicións particulares a cumprir na realización dos traballos en relación coa necesidade do uso de barreiras de retención de sedimentos; coa prohibición de acumular sustancias, realizar verteduras directas ou indirectas sen autorización previa, utilizar as marxes dos ríos para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados, etc. e en xeral, todas aquelas actividades que poidan constituir un risco de contaminación ás augas, ao DPH ou ao ecosistema asociado; ter en conta a non afección ao nivel freático na execución de gabias e alicerces; a necesidade de obter autorización para a execución de camiños de servizo ou explanación dos vellos ou calquera movemento de terra e para a extracción de préstamos en zona de policía; e, ao remate das obras, a obrigatoria rehabilitación de todas as zonas que sufrisen degradación. E como conclusión, informa favorablemente o estudo de impacto ambiental (abril 2018), coa condición de que se teñan en





conta as consideracións e directrices sinaladas no seu informe e as indicadas no documento sometido a informe.

Posteriormente, no marco da segunda información pública, en resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)*, Augas de Galicia emite un informe no que analiza o contido da addenda e as modificacións propostas na mesma.

Fai un resumo da avaliación dos efectos que ten cada unha das modificacións sobre a hidroloxía e cómpre destacar o seguinte: segundo a addenda a recolocación dos apoios no entorno do núcleo do Pedrouzo non implica ningún cruzamento a maiores coa rede fluvial, aínda que o cruzamento co afluente do Rego do Pedrouzo que, tanto na traza inicial como na final, prodúcese entre os apoios nº 55 e nº 56, localízase algo máis ao norte, situándose o novo apoio nº 55 dentro da zona de policía de canles do mesmo. Coa recolocación permítese evitar a afección na unha formación de frondosas en aliñación e a un bidueiral, podendo empregar na traza final a rúa da liña como acceso ao apoio 53 evitando acometer rozas adicionais, aumentando non obstante a proxección superficial sobre as frondosas ligadas ao curso fluvial ao realizar o cruzamento de xeito máis diagonal, propoñendo realizar unha poda alta, aínda que non supón necesariamente unha curta completa da vexetación asentada na ribeira. A recolocación dos apoios no lugar de Lesta implica un novo cruzamento cun novo afluente do rego de Lesta, manténdose o cruzamento co afluente do rego de Lesta, estas canles non presentan vexetación de ribeira. O axuste da traza no seu tramo final (paso aéreo a subterráneo, relocalización de apoios...), así como o desprazamento do tramo subterráneo non supón ningún cruzamento coa rede fluvial nin ningunha afección adicional. Ademais, as concas vertentes non varían. Pola súa banda a nova posición do apoio 7 afasta o apoio do curso fluvial Rego da Baña Rubia, quedando polo tanto fóra da súa zona de policía, polo que se reduce a afección, quedando fóra dos límites dunha posible nova proposta de ampliación de Rede Natura na zona que englobaría a Lagoa de Alcaíán e parte do rego da Braña Rubia, afastándose deste curso fluvial e quedando fóra da súa zona de policía.

Doutra banda, o desprazamento cara ao sur dos apoios nº 79 e nº 80 no entorno do lugar de Lesta, xera que a liña eléctrica teña dous cruzamentos novos con senllos afluentes inominados dun afluente do rego de Lesta (aínda que un corresponde cunha canle de drenaxe que discorre por unha plantación de eucalipto) e modifica o punto doutro cruzamento co afluente do rego Lesta, estas canles non presentan vexetación de ribeira. Ademais, as concas vertentes non varían.

No que respecta aos hábitats e espazos protexidos os cambios non supoñen ningunha nova afección. Respecto á posible afección a espazos protexidos, a posición inicial do apoio 7 situábase dentro dunha posible proposta de ampliación de Rede Natura, quedando coa nova proposta fóra dos ditos terreos.

A continuación recolle o resto das indicacións que se incluíran no seu primeiro informe, tendo en conta os cambios derivados das modificacións, tamén indica as condicións que se deben ter en conta na realización dos traballos que xa se incluían no anterior informe e conclúe informando favorablemente a addenda ao EsIA de marzo 2019 sempre que se teñan en conta as consideracións e directrices feitas no seu informe así como as indicadas no documento informado.

No marco da terceira información pública do proxecto, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)*, o organismo Augas de Galicia emite un terceiro informe no que ao igual que no seu anterior informe analiza o contido da segunda addenda e as modificacións propostas e fai un resumo da avaliación que se fai dos efectos das modificacións sobre a hidroloxía. Entre a información que resalta pode salientarse que coa nova traza non varía o número de apoios situados dentro da zona de policía dos cursos fluviais existentes. A modificación proposta supón un incremento da superficie baixo a liña. Moitas das formacións vexetais situadas baixo a liña non





se verán afectadas pola presenza da infraestrutura ao ser compatible. Tampouco se verán afectadas a maioría das formacións de frondosas, xa que a distancia entre o cableado e a copa das árbores é suficiente contemplándose en caso necesario, tal e como xa se establecía dentro das medidas recollidas no EIA, a realización dunha poda alta das copas para alcanzar a distancia necesaria. No que respecta a os hábitats naturais sinalar que na traza final redúcese a superficie de brexeiras secas situados baixo a liña e auméntase a de formacións de ribeira. Neste sentido, sinala que as masas de frondosas catalogadas como 91E0* vinculadas aos cursos fluviais que se cruzan non se verán afectadas, ao presentar estas formacións distancias suficientes co cableado.

Ao igual que o seu anterior informe, recolle de novo a información sobre a rede fluvial, os cruzamentos, a altura sobre as canles, actualizando a información cos cambios derivados das modificacións, inclúe os apartados sobre zonas protexidas, sobre zonas inundables e as actuacións susceptibles de causar afección ao medio hídrico que, en xeral, non varía con respecto ao anterior informe, e tamén inclúe o apartado de condicións que se deben ter en conta na realización dos traballos co mesmo contido e conclúe informando favorablemente a 2ª addenda ao EsIA sempre que se teñan en conta as consideracións e directrices feitas no seu informe así como as indicadas no documento informado.

- O Concello de Carballo da traslado do informe emitido pola enxeñeira municipal no que en relación co estudo de impacto ambiental sinala que non se prevén afeccións sobre a rede hidrográfica, espazos naturais protexidos ou o patrimonio arqueolóxico e etnográfico no concello.

Posteriormente, en resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)* no marco da segunda información pública, o Concello de Carballo remite un informe da enxeñeira técnica do concello en relación co antedito documento e coa separata técnica e a relación de bens e dereitos afectados e sinala que remitiu un escrito de alegacións respecto da tramitación da LAT Campelo – Mesón e dos parque eólicos Campelo, Bustelo e Monte Toural.

No marco da terceira información pública do proxecto, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)*, o Concello de Carballo remite un informe no que se mantén nos informes e escritos de alegacións presentados anteriormente.

Na resposta elaborada polo promotor destácase que o proxecto non sufriu variacións no termo municipal de Carballo respecto ás anteriores versións.

- O Concello de Cerceda remite o informe emitido polo persoal técnico do concello sobre o estudo de impacto ambiental no que describe as actuacións xerais necesarias para a construción das liñas eléctricas e os cruzamentos que a liña terá con estradas dependentes do concello de Cerceda. Como consideracións técnicas sinala unha serie de aspectos e o nivel de detalle que considera que se debe avaliar no estudo de impacto ambiental, sinala que será preciso definir unha metodoloxía de análise de impactos, e unha serie de medidas protectoras e correctoras xenéricas a incluír no proxecto e que deberán ser definidas especificamente no estudo de impacto ambiental.

En resposta a o anterior, o promotor presenta un escrito no que describe que o promotor xa elaborou un estudo de impacto ambiental que é obxecto da información pública no cal se intentou minimizar ao máximo a incidencia da instalación sobre o territorio, tratando de lograr unha alternativa coa menor protección da paisaxe, dos recursos produtivos e o medio natural, así como a preservación do patrimonio cultural e a topografía e a singularidade da zona, e todo isto, atendendo á lexislación vixente e aplicable. Resume o trámite de avaliación de impacto ambiental e os organismos e administracións ás que se lles consultará no mesmo e xustifica de forma detallada aos aspectos recollidos no informe do técnico municipal do concello especificando os apartados do estudo de impacto ambiental nos que se recollen e





valoran cada un deles resumindo a análise efectuada no EsIA, entre a dita información completa a aportada no EsIA en referencia aos gases de efecto coroa e ao ruído en fase de obras, ademais xustifica a necesidade de aplicación das medidas protectoras e correctoras propostas polo concello e menciona medidas que están recollidas no EsIA.

Posteriormente, en resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)* o Concello de Cerceda emitiu un oficio ao que xunta o informe emitido polo persoal técnico do concello co mesmo contido que o seu primeiro informe sobre o estudo de impacto ambiental.

- O Concello de Coristanco remite un informe técnico elaborado por un enxeñeiro industrial sobre o estudo de impacto ambiental e sobre a separata técnica no que indica os cruzamentos da liña cos vieiros de titularidade municipal, e aporta información sobre a cualificación urbanística e describe brevemente o contido do estudo de impacto ambiental e informa favorablemente sempre e cando se cumpran as premisas establecidas na documentación achegada e se conte coas pertinentes autorizacións ambientais e sectoriais.

No marco da terceira información pública do proxecto, en resposta ás consultas efectuadas pola unidade tramitadora sobre a *2ª Adenda al Estudio de Impacto Ambiental (febreiro 2020)*, o Concello de Coristanco remite o informe técnico do arquitecto que informa favorablemente sempre e cando se cumpran as premisas establecidas na documentación achegada e contando coas pertinentes autorizacións ambientais e sectoriais que correspondan.

- O Concello de Ordes remite un informe municipal dun estudo técnico externo sobre o estudo de impacto ambiental no que fai unha serie de observacións en relación cos incendios, as afección á fauna e ás persoas e conclúe que debe revisarse a previsión da iña tendo en conta que o concello se atopa en zona ZAR, formular novas alternativas ao paso da LAT polo concello tendo en conta a climatoloxía húmida do concello en xeral e das parroquias de Ardemil e Mercurín en particular (o que fai que aumente o efecto coroa) e tendo en conta o elevado número de liñas eléctricas e incorporarse ao estudo as clasificacións urbanísticas do PXOM que se atopaba en tramitación.

En resposta a este informe, o promotor presenta un escrito sobre a tramitación ambiental do expediente da liña eléctrica e sobre cada unha das cuestións formuladas polo concello, concluído que non considera que teña que revisar o proxecto tendo en conta que no EsIA se considerou, valorou e estudou que o concello se atopa en zona ZAR e se estableceron as medias de prevención axustadas para a loita contra incendios forestais; realizáronse os estudos específicos en canto a afección á avifauna que serán completados, e establecéronse medidas preventivas fundamentais como evitar a afección a áreas prioritarias e a atención ás condicións exixidas legalmente; sinala que se analizaron e se formularon alternativas ao paso da LAT sendo a seleccionada a que cumpre tecnicamente os requisitos dispostos legalmente con menor impacto ambiental; engade que se consideraron as clasificacións e delimitacións do solo de acordo coas normas municipais vixentes e actuais, sen prexuízo de que segundo indica se poidan adoptar as clasificacións, se procede, tras a aprobación definitiva do PXOM; así mesmo considerou as liñas eléctricas existentes e os efectos sinérxicos, e sinala que a comunidade científica internacional está de acordo en que a exposición a campos eléctricos e magnéticos de frecuencia industrial xerados por instalacións eléctricas de alta tensión non supón risco para a saúde pública.

Así mesmo, consta no expediente un informe que, ao igual que o anterior, o Concello de Ordes remite en relación co establecido no artigo 37.2 da Lei 21/2013. Este informe técnico asinado pola arquitecta técnica do concello ten un carácter esencialmente urbanístico, nel recolle a clasificación urbanística do solo onde se pretende executar o proxecto. Ademais, sinala que á vista da documentación, existe unha zona pertencente ás parroquias de Mercurín e Lesta na que o parcelario e os propietarios non coinciden co estado das parcelas. Indica que esta zona foi obxecto do proceso de concentración Mercurín – Lesta II e as parcelas dos documentos obxecto de información pública son as parcelas catastrais anteriores á concentración e polo





tanto non reflicten a súa situación actual, polo que considera que se debe revisar e modificar a Relación de Bens e Dereitos afectados e polo tanto o proxecto para adaptalo ao parcelario e propietarios actuais.

Posteriormente, no marco da segunda información pública e en resposta á consulta efectuada pola unidade tramitadora sobre a *Addenda al Estudio de Impacto Ambiental (marzo 2019)* o Concello de Ordes remite un informe municipal no que con respecto á documentación presentada e tendo en conta ademais o seu informe anterior sobre o EsIA indica que o proxecto analiza as repercusións da inclusión do concello como zona ZAR e realiza un estudo da afección da avifauna, non aporta máis datos ao respecto da afección climatolóxica e a acumulación de efectos con outras liñas, sinala que a maior afección debidas ás novas delimitacións do PXOM en tramitación terán lugar no entorno do Mesón do Vento entre esa poboación e as de Adina Vella de Arriba e Adina Vella de Abaixo así como na Piolla e finaliza indicando que a nova proposta de soterramento é respectuosa coas delimitacións urbanísticas polo que considera axeitada a modificación realizada con respecto ao indicado no anterior informe.

- O Concello de Tordoia remite un primeiro informe técnico da asistencia técnica urbanística sobre o estudo de impacto ambiental no que á vista da documentación presentada, considera que as actuacións previstas poden causar impactos paisaxísticos significativos no Pedrouzo e en Vilaprego, na parroquia de Bardaos. Sinala que en ambos casos, o trazado localízase moi preto das vivendas existentes, e no caso de Vilaprego divide o núcleo rural en dúas partes. Destaca que os apoios previstos poden incidir nunha zona do río do Pedrouzo con vexetación de ribeira autóctona que considera que se poden ver afectados, e que de acordo co anexo arqueolóxico do EsIA as actuacións terán un impacto moi importante sobre o xacemento arqueolóxico A Pedriña. Polo tanto, conclúe que as actuacións poden supoñer un impacto paisaxístico notable nos núcleos de Pedrouzo e Vilaprego, polo que recomentan a modificación do trazado previsto ao seu paso pola dita parroquia.

En resposta a este informe, o promotor presenta un escrito no que expón que o trazado proposto no proxecto cumpre coas distancias mínimas exixidas pola lexislación sectorial a respectar nas poboación e casas do núcleo do Pedrouzo e do núcleo de Vilaprego.

E, en todo caso, de cara a evitar posibles afeccións paisaxísticas sinala que se estudará a posibilidade de desprazar os apoios nº 54 e nº 55 que son os que se atopan máis próximos á poboación do Pedrouzo, cara o norte de forma que se afasten do núcleo.

Da proposta do concello sobre o trazado no entorno de Vilaprego o promotor reflicte que existen varias restricións, como a localización doutros núcleos próximos, xustifica que a cota dos apoios sobre río do Pedrouzo e polo tanto a altura do cableado é suficiente para non realizar labores de poda ou tala de xeito que non se afectaría a vexetación de ribeira e que os accesos aos ditos apoios proxectouse utilizando camiños existentes ou zonas de plantacións de eucalipto ou piñeiro. Sobre o impacto ao patrimonio cultural destaca que o trazado ten informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

No marco da segunda información pública, o Concello de Tordoia non emitiu informe sobre a Addenda ao EsIA. Marzo 2019, non obstante, informou a documentación técnica do proxecto o que orixinou a modificación do trazado no entorno do núcleo de Vilaprego e, como xa se comentou con anterioridade, a elaboración do segundo modificado do proxecto.

- Para os devanditos informes constan no expediente escritos do promotor de conformidade ou, de ser o caso, de resposta ao seu contido.
- O Concello de Carral non emitiu informe sobre o EsIA. Abril 2018, nin sobre as súas dúas addendas. Tampouco emitiron informes sobre a 1ª addenda ao EsIA. Marzo 2019 o concello de Coristanco nin o Concello de Tordoia achegando o órgano substantivo as copias das solicitudes de informe e das reiteracións das respectivas solicitudes efectuadas pola unidade





tramitadora. Os concellos de Carral, Cerdeda, Ordes e Tordoia tampouco emitiron informe sobre a 2ª addenda ao EsIA. Febreiro 2020. Unha vez esgotado o prazo para a emisión dos informes a unidade tramitadora considerou procedente continuar coa tramitación

- Así mesmo, consta un informe remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que recolle as características técnicas do proxecto, un resumo da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos do proxecto como á tramitación ambiental e os resultados da información pública.
- No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo constan as presentadas nas tres informacións públicas agrupadas da seguinte maneira:
 - En relación coa primeira información pública (Acordo do 6 de xullo de 2018, publicado no DOG núm. 148 do 3.08.2018) constan as alegacións presentadas por 114 particulares, 2 asociacións de ámbito ecoloxista e un grupo municipal do concello de Coristanco e un do concello de Cerceda.

En xeral, estas alegacións aluden a cuestións comúns en varios tipos de escritos distintos. Nelas unha parte do contido non reviste carácter ambiental, referíndose a cuestións alleas ao ámbito competencial do órgano ambiental (bens e dereitos afectados, expropiacións do terreo e custo asociado, valor do terreo, prevalencia do uso do solo, incompatibilidade do proxecto coa sobre o vertedoiro de Lesta, dimensionamento da liña, carácter supramunicipal do proxecto e utilidade social, ordenación dos tendidos eléctricos, fraccionamento do proxecto, cumprimento da normativa técnica, etc) que de ser o caso son obxecto doutras fases da tramitación por parte do órgano substantivo de cara ao outorgamento da autorización administrativa do proxecto, ou ben non atinxe á tramitación da avaliación de impacto ambiental de proxectos de cara á formulación da declaración de impacto ambiental.

No que se refire ao contido ambiental aluden ao impacto ambiental en xeral, ao impacto paisaxístico, a unha posible proposta de espazo protexido, á presenza de fauna en perigo de extinción e vulnerable, en particular a avifauna, á hidroloxía da zona, á afección a hábitats prioritarios, aluden a importancia histórica e arqueolóxica da zona, ao impacto social e á saúde das persoas, os campos electromagnéticos, a calidade do aire e a emisión de partículas contaminantes, e os efectos sinérxicos con outras liñas de evacuación existentes, ademais un grupo de alegación solicita que se soterre a liña entre os apoios 100 e 109 no entorno de Mesón do Vento.

- En relación coa segunda información pública (Acordo do 3 de maio de 2019 publicado no DOG nº 100 do 28.05.2019), constan as alegacións presentadas por 183 particulares (unha delas formada por múltiples asinantes), 6 asociacións de ámbito ecoloxista e veciñal (unha delas con por múltiples asinantes), unha CMVMC, e un grupo municipal do concello de Coristanco.

A maior parte das alegacións teñen un formato similar entre elas e o contido e os aspectos aludidos coinciden cos sinalados na primeira información pública. Algunhas cuestións que se sinalan ademais do anterior xa mencionado, son por exemplo, a alternativa de retomar un trazado anterior ou as afeccións á reestruturación parcelaria, e de carácter ambiental a presenza dun manancial, zonas ZAR e o risco de incendios no concello de Ordes, tamén constan un grupo de alegacións que solicita no soterramento no entorno do núcleo de Vilaprego.

- En relación coa terceira información pública (Acordo do 19 de agosto de 2020 publicado no DOG nº 173 do 27.08.2020), constan as alegacións presentadas por 112 particulares, 8 asociacións de ámbito ecoloxista e veciñal e un grupo municipal do concello de Coristanco.





Estas alegacións teñen un contido similar entre si, e ademais de aspectos xa sinalados nas alegacións presentadas nas anteriores informacións públicas, engaden cuestións sobre a tramitación administrativa efectuada ata o momento e a información pública, o acceso á información, a normativa europea en materia de igualdade, a xustificación da utilidade pública, a afección a un elemento arqueolóxico (manifestación non soportada por ningunha xustificación documental). Ademais, un grupo de alegacións é sobre a distancia da liña ao entorno dos núcleos rurais e vivendas e solicita que se soterre o trazado ou se separe mais de 250 metros.

No que se refire exclusivamente aos aspectos que poden atinxir a avaliación de impacto ambiental de proxectos e sen prexuízo das aclaracións ou informacións achegadas polo promotor nas súas respostas ás ditas alegacións, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polos organismos sectoriais con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto co cumprimento das condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que esta declaración de impacto ambiental refírese ao proxecto da liña eléctrica de alta tensión a 220 kV duns 38.573 m de lonxitude total, con orixe na futura subestación do antedito PE Campelo e final na SET Mesón do Vento, existente, propiedade de Red Eléctrica de España (REE).

A liña contará con catro tramos, dos aéreos, entre o pórtico da SE Campelo e o apoio PAS 103 de 35.334 m, e entre o apoio PAS 104 e o apoio PAS 107 de 809 m, e outros dous soterrados, o primeiro de 1.186 m entre o apoio PAS 103 e o apoio PAS 104, e o segundo de 1.244 m entre o apoio PAS 107 e a posición de interconexión da SET Mesón do Vento.

O tramo aéreo proxéctase en simple circuío dúplex, con condutor LA-455, cable de garda/comunicacións OPGW 48-T1, e un condutor de fibra óptica autosoportado tipo CDS-1214 ao longo de todo o trazado coa excepción dos vanos situados entre os apoios 95-98 onde se instalará un segundo cable de garda tipo OPGW. Prevese a instalación dun total de 107 apoios de celosía de aceiro. A traza do tramo soterrado tamén será en simple circuío dúplex.

O ámbito do proxecto discorre polos concellos de Coristanco, Tordoia, Carballo, Cerceda, Ordes e Carral (A Coruña)

A traza da liña será a que se recolle nos planos **Patrimonio Cultural** do 2º anexo a memoria. *Evaluación de impacto sobre el patrimonio cultural* da 2ª Addenda ao estudio de impacto ambiental. Febreiro 2020.

4.1. Condicións particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establececese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevaleceran fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte as anteriores.

2. En relación coa vulnerabilidade do proxecto ante riscos derivados de accidentes graves e catástrofes, teranse en conta as recomendacións recollidas no estudo elaborado polo promotor e avaliado pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.





3 O promotor debera depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e debera fixar o órgano substantivo, a cantidade de 177.735 euros, dos cales 76.172 corresponden a fase de obras e 101.563 a de desmantelamento e abandono da liña eléctrica.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e so se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes a restauración (coa vexetación debidamente implantada) como as demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condicións xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:

4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.
2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.
3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento da liña deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, o promotor levará cabo un plan de seguimento do nivel de ruído ao abeiro do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia de desenvolvemento da normativa básica estatal en materia de ruído, por unha entidade acreditada polo organismo nacional de acreditación (ENAC) como laboratorio de ensaios acústicos ou como entidade acreditada, en ambos casos, no ámbito do ruído ambiental, tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2.1. desta DIA.

4. Respecto aos campos electromagnéticos, estarase ao disposto no Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é





o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece na condición 4.2.3.5 da DIA

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate a ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.

Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

6. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

7. A drenaxe lonxitudinal e transversal dos camiños debe cumprir o establecido no artigo 36 da Normativa do PHGC debendo, así mesmo, obter a correspondente autorización de obras segundo o establecido no RDPH.





8. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

9. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

10. No caso necesario as instalacións deberán contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nelas. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.

3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobranceiros de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do proxecto non suporán un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas debidamente sinalizadas que presten o mesmo servizo.





11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

12. En relación coas zonas destinadas ás instalacións de obras, parque de maquinaria e de acopio de materiais, deberán seleccionarse zonas de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.9, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.

13. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento das infraestruturas e instalacións que compeñen o proxecto deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control/centro colector durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

3. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras ou as tarefas de mantemento periódico da rúa de seguridade da liña, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.





2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartaraña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. En canto ao seguimento das posibles afección sobre a avifauna e os quirópteros, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia de colisións e electrocucións co tendido, así como identificar posibles tramos e/ou apoios problemáticos neste sentido.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, instalar e/ou aumentar a cantidade de dispositivos anticolidión ou cambiar a súa tipoloxía, instalación de disuasores de pousada, illamento de condutores, etc

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

Ese seguimento deberá efectuarse durante a vida útil da liña, e a súa intensidade irase adaptando en función dos resultados que se vaian obtendo.

6. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre esta liña e os parques eólicos aos que dará servizo. Terase tamén en conta outros parques eólicos que existan no contorno e as súas infraestruturas de evacuación no momento no que este proxecto entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

Reduciranse especialmente ao mínimo necesario os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas, así como, de ser o caso, da vexetación de ribeira e outras árbores singulares e/ou protexidas, para o que se seguirá o criterio básico de intervención mínima.





Lémbrese que para a corta de arboredo, terá que presentarse previamente a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

2. Preservarase a vexetación higrófila e as zonas húmidas como refuxio e hábitats sobre todo de anfibios.

3. Para garantir a non afección e a compatibilidade das actuacións coa conservación das especies de flora ameazada así como dos hábitats naturais que puideran estar presentes na zona, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

4. No referente aos accesos aos apoios e á traza da liña, terase en conta o seguinte:

- Na planificación dos accesos á traza e aos puntos de instalación dos apoios, primará o máximo aproveitamento da rede de pistas e camiños existentes, co fin de minimizar a execución de novos accesos. Pode considerarse tamén o emprego da propia rúa de seguridade, limitándoo ás zonas de menor valor ambiental e afectando o mínimo posible á vexetación natural.
- No caso de accesos de nova execución, para definir o trazado teranse en conta os posibles valores ambientais que puidesen existir na área. Sempre que sexa posible, o novo acceso efectuarase por simple rodadura fronte aqueles métodos que precisen movementos de terras, empregando técnicas de roza que permitan unha rápida rexeneración da cuberta vexetal. Así mesmo, implementaranse as medidas necesarias para evitar a formación de rodeiras e asolagamentos.
- Independentemente do tipo de acceso, previamente a súa execución delimitarase fisicamente o trazado para evitar afeccións por sobredimensionamento ou tránsito incontrolado de maquinaria fóra do acceso. A anchura será a mínima imprescindible para o paso da maquinaria que fará uso deles.
- Aqueles novos accesos que non vaian a ser empregados durante a fase de funcionamento da liña, deberanse reintegrar na paisaxe, revexetándoos en toda a súa superficie.

5. En relación coa apertura e mantemento da rúa de seguridade da liña, teranse en conta as seguintes cuestións:

- A rúa de seguridade deberá estar limpa de vexetación incompatible coa liña. As dimensións mínimas determinarase en función da lexislación sectorial aplicable, tanto a referente a liñas eléctricas como as disposicións vixentes en materia forestal e de prevención de incendios forestais.
- En calquera caso, limitarase os traballos de corta de especies arbóreas autóctonas ao mínimo necesario, así como, de ser o caso, a vexetación de ribeira e outras árbores ou rodais singulares, así como as especies autóctonas, singulares e/ou protexidas. De acordo co indicado pola Dirección





Xeral do Patrimonio Natural respectarase a vexetación acompañante nas zonas de frondosas arbóreas autóctonas que poidan ser afectadas.

Neste sentido, extremaranse as precaucións na execución dos cruzamentos sobre a rede fluvial para salvagardar a vexetación de ribeira existente nalgúns dos cursos fluviais sobreados pola liña, e nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas. Para o cumprimento desta premisa, seguirase o criterio básico de intervención mínima, nas zonas onde a liña atravesase formacións de frondosas autóctonas, axustarase o ancho da rúa ao mínimo esixible pola lexislación sectorial dando lugar a unha rúa de ancho variable.

Prestarase especial atención ao cumprimento da medida correctora consistente en elevar os apoios e dotar aos condutores de altura suficiente co obxecto de evitar, ou minimizar a tala da vexetación e manter integramente bosque de ribeira e as zonas onde se atravesen masas de arboredo autóctono. No caso de ser necesario tensaranse os condutores ao máximo tecnicamente posible para alcanzar unha maior altura sobre o arboredo e evitar a tala ou poda dos exemplares, para estes casos.

- En todo caso, as actuacións baixo a liña consensuaranse coa Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería do Medio Rural e coa de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

6. Deberá garantirse que non se verán afectados os compoñentes protexidos do medio natural, tal que especies da flora e fauna en perigo de extinción ou vulnerables, así como os hábitats. Garantirase a non afección e conservación dos exemplares que puideran estar presentes na zona de actuación, de especies de flora e fauna recollidas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007, do 19 de abril), tanto na fase de construción como na de explotación. En xeral cumpriranse as obrigas establecidas a este respecto no artigo 51 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza.

Terase en conta en particular as obrigas establecidas nos artigos 54.5 e 57 da Lei 42/2007 (na súa versión consolidada), relativas á conservación da flora e fauna silvestres.

7. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos no caso de ser necesarios, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

8. Disporanse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios tanto na fase de obras como na de funcionamento das instalacións. Na xestión da biomasa eliminada (en especial a procedente da apertura e mantemento da liña de seguridade), terase en conta a lexislación sectorial en materia forestal e defensa contra os incendios forestais.

9. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima *in situ* destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización.

Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e esparexemento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.





10. Calquera actuación de carácter inevitable que afecte aos sistemas naturais, levará asociada a restitución íntegra do espazo afectado e á maior brevidade posible.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Co fin de garantir unha axeitada integración paisaxística, terase especial coidado na aplicación das medidas protectoras, correctoras e de restauración e integración paisaxística que figuran no Estudo de Impacto e Integración Paisaxística.

2. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (contorno dos apoios da liña, execución de novos accesos, contorno da subestación, área de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se fora o caso, etc.), deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas labores de restauración e revexetación, teranse en conta os seguintes aspectos:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e favorecer a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras o antes posible, deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo. Nas superficies afectadas por movementos de terras procederase inmediatamente á total revexetación.
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer das áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.

No que respecta á sementeira, empregarase unha mestura de herbáceas e arbustivas, a proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 g/m² (300 kg/ha).

- Garantirase a efectividade dos labores de restauración e o mantemento da revexetación ao longo do tempo, para o que se efectuará un seguimento da súa efectividade e se adoptarán as medidas correctoras oportunas no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da revexetación.
- No caso de detectarse a aparición de especies invasoras, adoptaranse as medidas requiridas no punto 7 do apartado 4.2.5.2.

3. No caso de incluírse a subestación eléctrica transformadora asociada empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros minimizaranse os movementos de terras e, de ser o caso, coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

4. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.





5. No caso de que as instalacións quedasen definitivamente fóra de servizo, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalas e recuperar a situación preoperacional da zona que ocupaban.

Con carácter xeral, e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, considerarase a desmontaxe e retirada dos apoios da liña, illadores, condutores, demolición da parte superior dos pedestais ou peañas das zapatas, no seu caso, subestación e restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo da liña, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

4.3 Outras condicións

1. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa con formación adecuada en materia ambiental que será a responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.

2. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberásele notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.

3. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras da liña.

4. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.

5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordes coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánsele incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.





- Lémbrese que sempre que exista a acreditación e alcance correspondente, os estudos e controis preoperacionais, tomas de mostras, medicións e analíticas, tanto na fase previa ao inicio das obras como nas de replanteo, obras, explotación ou abandono, realizaranse por entidades acreditadas polo organismo nacional de acreditación (ENAC) co alcance correspondente a cada tipo de control, toma de mostras, medición ou analítica a realizar, e que os informes estarán asinados e amparados pola dita acreditación. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de seguimento.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EsIA ou nesta DIA, comunicarásele inmediatamente ao órgano substantivo, propoñendo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, terase en conta o seguinte:

- O promotor deberá incorporar ao programa de vixilancia e seguimento ambiental un documento no que se recolla pormenorizadamente toda a información relativa á metodoloxía do seguimento, aspectos técnicos das medicións, cálculos, límites legais, medidas protectoras e correctoras e calquera outra que resulte procedente ao abeiro da normativa vixente en materia de ruídos.
- En canto aos puntos de mostraxe para a avaliación do nivel sonoro deberán incluír os núcleos poboacionais, vivendas illadas e áreas sensibles máis próximas ás instalacións. As medicións realizaranse no contorno das vivendas ou edificacións máis próximas á liña e non no interior dos núcleos, para considerar así os puntos potencialmente máis vulnerables. A este respecto consideraranse o entorno dos apoios 54 e 69 e os tramos soterrados. A localización de cada punto deberá definirse coas súas coordenadas UTM (ETRS89) e reflectirse nun plano a escala mínima 1: 10.000.
- Deberase efectuar unha campaña preoperacional, tendo en conta o indicado nos puntos 4.2.1.3 e 5.1 con medicións en todos os puntos indicados, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa.

2. En canto aos plans de vixilancia e demais controis aos que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:

- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), e control da eficacia dos dispositivos salvapaxaros instalados.
 - Protección de hábitats naturais e outras formacións ou especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.





- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxios (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección.
 - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia da liña sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves fronte á LAT, e a detección de morte por colisión e electrocución e o control de posible nidificación nos apoios.
 - Describírase a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e electrocución e a súa variación estacional, de ser o caso, xunto cunha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (polo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.
 - A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.
 - Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.
 - Defíniranse as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA sen prexuízo do que se derive da condición 4.1.2.
 - Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo





persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EslA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EslA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento de avifauna e quirópteros, seguimento da calidade das augas (seguimento hidrolóxico), protección da pequena fauna e hábitats e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA. Incorporaranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos que se efectúen e as que xa consten no EslA, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:

- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron zonas nas que se implantaron os apoios, estado dos vieiros, estado da rúa de seguridade e da limpeza da área (en especial da zona ou das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indicárase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.





- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do proxecto, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Incluirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos apoios.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: trazado da liña e localización dos apoios. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros, das medidas de protección de hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- b) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado da rúa de seguridade e tarefas de mantemento periódico levadas a cabo, estado dos accesos, plataformas de montaxe, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indícarase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.

4. Informe previo ao abandono: cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

5. Informe posterior ao abandono: transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflecta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna revexetación.





6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

Conforme

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do proxecto da LAT 220 kV PE Campelo – SET Mesón, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Consonte o disposto no artigo 52 da dita Lei 21/2013, correspóndelle ao órgano substantivo o seguimento e vixilancia do cumprimento da declaración de impacto ambiental.

Esta declaración de impacto ambiental farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e da páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e se lle remitirá ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter calquera outra autorización, licenza, permiso ou informe que sexa necesario para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

De acordo co artigo 41.4 da lei de avaliación ambiental, a declaración de impacto ambiental non será obxecto de recurso sen prexuízo dos que, se é o caso, procedan na vía administrativa e xudicial fronte o acto polo que se autoriza o proxecto.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

